

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 18

SESION ORDINARIA DE 26 DE SETEMBRO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Bermúdez Pérez, Silvia
Caballero Miguez, Gonzalo
Calviño Rodríguez, Xullo
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Fernández Fernández, Amador
Figuroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa

Guerra Fernández, Javier Jorge
Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Méndez Piñeiro, María Xosé
Molares Pérez, Lucía Emilia
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier
Vieitez Alonso, Henrique

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e oito minutos do día vinteseis de setembro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figuroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a membro da Xunta de Goberno Local, D^a Marta Iglesias Bueno.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Comezamos gardando un minuto de silencio polas mulleres que morreron este mes por mor da violencia doméstica.

Neste intre a Corporación Municipal e máis todos asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- (202).-DAR CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, DO 19 DE SETEMBRO, POLO QUE COMUNICA A DESIGNACIÓN DE VOCEIRA E VOCEIRO ADXUNTO DO DEVANDITO GRUPO.

A Presidencia retira o presente asunto da orde do día.

2.- (203).-DAR CONTA DO ESCRITO DE DATA 19.09.05 DA VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, COMUNICANDO NOVA DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO DEVANDITO GRUPO NAS DIFERENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro de 2005, a voceira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, da conta de substitucións de membros do devandito Grupo nas diferentes comisións informativas quedando do seguinte xeito:

COMISION INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL:

Substitúese a D^a M^a Xosé Porteiro García por D. Gonzalo Caballero Miguez, quedando como representantes:

- D. Miguel Barros Puente
- D^a Belén Sío Lourido
- D. Gonzalo Caballero Miguez

Suplente: D. Mauricio Ruiz Cenicerros

COMISIÓNS INFORMATIVAS DE SERVIZOS XERAIS:

Substitúese a D. Ventura Pérez Mariño por D^a M^a Xosé Porteiro García, quedando como representantes:

- D^a María Luis Graña Barcia
- D. Miguel Barros Puente
- D^a M^a Xosé Porteiro García

Suplente: D. Mauricio Ruiz Cenicerros

COMISIÓN INFORMATIVA DE XESTIÓN MUNICIPAL

Substitúse a D. Ventura Pérez Mariño por D. Gonzalo Caballero Miguez, quedando como representantes:

- D^a M^a Luisa Graña Barcia
- D. Miguel Barros Puente
- D. Gonzalo Caballero Miguez

Suplente: D^a M^a Xosé Porteiro García.

Do anterior dase conta ó Pleno da Corporación quedando enterado.

3.- (204).-DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DO 21.09.05 ASIGNANDO DEDICACIÓN EXCLUSIVA. ESCRITO DA CONCELLEIRA ACEPTANDO A DEVANDITA DEDICACIÓN.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, con data 21 de setembro de 2005 dictou a seguinte resolución:

"O Concello Pleno, mediante acordo de data 29 de decembro de 2003, ó abeiro do sinalado no art. 75.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial.

Por resolución de data 30 de decembro de 2003, e de conformidade co art. 75.5 da norma citada, a Alcaldía resolveu determinar a dedicación exclusiva para o concelleiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Santiago Domínguez Olveira, quen deixou de percibir retribucións polo desenvolvemento do seu cargo con efectos do 18 de agosto, tomando coñecemento o Pleno da súa renuncia en sesión do 12 de setembro.

Por escrito de data 21 de setembro de 2005 o voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego comunica que a dedicación exclusiva pendente correspondente ó seu Grupo pase a ser desempeñada pola concelleira D^a María Méndez Piñeiro.

De conformidade co exposto anteriormente,

RESOLVO:

Primeiro.- Determinar que a concelleira D^a María Méndez Piñeiro exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva con efectos do 1 de outubro de 2005, nas mesmas condicións que se determinan na Resolución desta Alcaldía de data 30 de decembro de 2003.

Segundo.- Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste concello, á Intervención Xeral e á Tesourería Municipal.

S.Ordinaria 29.09.05

Terceiro.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución ó Pleno da Corporación na próxima sesión que realice."

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando iste enterado.

4.- (205).-CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO TEXTO REFUNDIDO DO PP DO PARQUE TECNOLÓXICO APROBADO DEFINITIVAMENTE O 26.07.05. EXPTE. 9353/411.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de setembro de 2005, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión, da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Cominges Cáceres, informa do que segue:

"FEITOS.

En data 26/05/2005 o Pleno municipal acordou:

"Primeiro.- Aprobar definitivamente a modificación puntual nº 3 do plan parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Valadares, promovida polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, segundo a documentación técnica redactada pola entidade mercantil "EPTISA", asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Vicente Alcón Vidal, polo arquitecto D. Alfonso Botana Castelo, e polo biólogo D. Calixto Varela Castejón; visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños no 16/11/2004; así como o texto refundido do plan parcial resultante das modificacións puntuais aprobadas, datado en xullo de 2005 e redactado polo enxeñeiro de camiños D. Roberto Aya Duarte -expte. 9353/411- (...)"

As normas e ordenanzas dese texto refundido publicáronse no BOP núm. 169, do 02/09/2005.

No 15/09/2005 o equipo redactor do proxecto técnico da devandita modificación puntual presentou un escrito nesta Administración municipal comunicando a existencia dun erro material na transcripción do art. 16 (ordenanza 1) do Texto refundido definitivamente aprobado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O art. 105.2 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXA-PAC) dispón que: "*As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*".

S.Ordinaria 29.09.05

No presente caso constatouse a existencia dun erro material ou de mera transcripción no art. 16 (Ordenanza 1) do Texto refundido do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico resultante da súa modificación puntual núm. 3. A corrección do dito erro non implica ningunha alteración nas determinacións substantivas da citada ordenanza 1, que simplemente se axusta á modificación puntual núm. 3 do Plan Parcial.

Tal e como recoñeceu o Tribunal Supremo (S^a 3^a, Secc. 5^a) na súa sentenza do 16/06/2000 (relator: Sr. Sanz Bayón - F.J. "Cuarto") e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (S^a do Cont.-Ad., Secc. 2^a) na do 13/04/2000 (Arz. 1323, F.J. "Séptimo"), dita subsanación de meros erros materiais non esixe dun procedemento especial. Sen embargo neste caso e por motivos evidentes de seguridade xurídica, procede formalizar a devandita aclaración mediante o procedente acordo plenario e publicación no BOP da ordenanza corrixida.

É competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello, por aplicación do principio de unidade de procedemento e de conformidade co disposto no Art. 123.1.i) LBRL."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 22 de setembro de 2005, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación están ausentes a Sras. Martíns Vilanova e Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito, acórdase:

Primeiro.- Corrixir o erro material detectado no art. 16 da normativa do Texto refundido do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (Ordenanza 1) resultante da súa modificación puntual núm. 3 aprobada definitivamente por acordo plenario municipal do 26/07/2005, no senso que se recolle na documentación aportada pola redactora da modificación "Interurban SA" no 15/09/2005 (expte. 9353/411).

Segundo.- Publíquese este acordo no DOG e a ordenanza corrixida no BOP. Notifíquese o seu contido íntegro ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, á Oficina Municipal de Licenzas, ós propietarios incluídos no ámbito do Plan Parcial e á CPTOPV da Xunta de Galicia, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

5.- (206).-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NUM. 79/05 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO)
PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS EN DIVERSOS MUROS DA CIDADE. EXPTE.
45808/250.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de setembro de 2005, a Alcaldía-Presidencia
dictou a seguinte resolución:

“O obxecto de acometer obras que figuran no orzamento 2005 e que resultan
inaprazables e sendo o seu crédito insuficiente, en cumprimento do previsto
no artigo 177 do RDL 2/2004, iníciase o expediente de modificación
orzamentaria (Suplemento de créditos) que afecta ás seguintes partidas:

<u>Partidas</u>	<u>Importe incremento</u>	<u>Concepto</u>
5110.611.00.03	20.275,00 €	Muro parque C. José Cela
5110.611.00.04	35.000,00 €	Muro praia Punta en Teis
5110.611.00.05	7.200,00 €	Muro R. Serafín Avendaño

<u>Partidas</u>	<u>Importe cedido</u>	<u>Concepto</u>
5110.611.00.31	51.275,00 €	Muro estac. Renfe (Alf. XIII)
5110.611.00.06	11.200,00 €	Alameda de S. Paio”

Con data 16 de setembro, o interventor xeral informa favorablemente a
presente modificación, coas seguintes aplicacións e orixes:

APLICACIÓN

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
5110.6110003	Muro parque Camilo José Cela	20.275.-
5110.6110004	Muro praia da Punta en Teis	35.000.-
5110.6110005	Muro Serafín Avendaño	7.200.-

ORIXE

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
5110.6110031	Muro estación de RENFE	51.275.-
5110.6110006	Alameda de San Paio	11.200.-

Visto o anterior, con data 16 de setembro o concelleiro delegado de Xestión
Municipal formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste
acordo.

A comisión informativa de Xestión municipal, en sesión do día 19 de
setembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación están ausentes as Sras. Martíns Vilanova e Molaes
Pérez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e cinco abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Fernández Fernández, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, acórdase: Primeiro.- Aprobar a Modificación Orzamentaria núm. 79/05, relativa ó gasto que se relaciona no Decreto de incoación, por un importe de 62.475 euros.

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do Texto Refundido da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais.

6.- (207).-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 80/05, PARA A REALIZACIÓN DE DIVERSAS OBRAS NA CIDADE. EXPTE. 46195/250.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de setembro de 2005, a Alcaldía-Presidencia dictou a seguinte resolución:

"O obxecto de acometer obras que resultan inaprazables e que non dispoñen de crédito no orzamento 2005, en cumprimento do previsto no artigo 177 do RDL 2/2004, iníciase o expediente de modificación orzamentaria (creación de créditos extraordinarios) que afecta ás seguintes partidas:

<u>Partida nova creación</u>	<u>Importe</u>	<u>Denominación obra</u>
5110.611.00.14	35.000,00 €	Construcción de rexistros en colect. saneamento no rural
5110.611.00.15	33.697,00 €	Construcción beirarrúas e pavimentado Cmño. Telleira
5110.611.00.16	29.000,00 €	Pavimentado R. Oriños
5110.611.00.17	30.000,00 €	Pavimentado R Pizarro (V.Varela-Pr. I.Católica)"

Con data 16 de setembro, o interventor xeral informa favorablemente a presente modificación, coas seguintes aplicacións e orixes:

APLICACIÓN

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
5110.6110014	Const. Rexistros colec. Saneamento rural	35.000.-
5110.6110015	Beirarrúas e pavimentado Telleira	33.697.-

S.Ordinaria 29.09.05

5110.6110016	Pavimento rúa Oriños	29.000.-
5110.6110017	Pavimentado rúa Pizarro	30.000.-

ORIXE

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
5110.6110008	Remodelac. Escaleira igrexa Valladares	36.000.-
5110.6110007	Mellora pavimento praza da Pedra	12.000.-
4410.6010008	Substitución tubería Camiño Seara	79.698.-

Visto o anterior, con data 16 de setembro o concelleiro delegado de Xestión Municipal formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión municipal, en sesión do día 19 de setembro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación está ausente a Sra. Martíns Vilanova)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinte votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Ponte, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e cinco abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Fernández Fernández, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, acórdase:
Primeiro.- Aprobar inicialmente a Modificación Orzamentaria núm. 80/05, relativa ó gasto que se relaciona no Decreto de incoación, por un importe de 127.697 euros.

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do RD 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

7.- (208).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DOS MERCADOS MUNICIPAIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de setembro de 2005, o técnico de administración xeral, Sr. Ramos Covelo, informa do que segue:

S.Ordinaria 29.09.05

"As dificultades xurdidas na xestión do Mercado de O Progreso fan necesaria a aprobación dun regulamento específico que regule as relacións entre o concesionario e os titulares dos postos para o citado mercado.

Neste sentido, debe poñerse de manifesto que existiu unha notable polémica derivada da xestión do Mercado de O Progreso por parte da entidade concesionaria. Así, o acordo do Pleno deste Concello do 31 de agosto de 1994, polo que se outorgou a concesión do Mercado de O Progreso á Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado de O Progreso, foi recorrido a través da interposición de recurso contencioso-administrativo por parte da Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado de O Progreso, dictándose sentenza polo Tribunal Supremo con data 17 de maio de 2002, pola que se estimou o citado recurso declarando o citado acordo plenario nulo e adxudicando a concesión á asociación recorrente.

En execución da referida sentenza, o Pleno deste Concello, en sesión do 31 de marzo de 2003, acordou adxudicar á Asociación de Comerciantes e Vendedores do Mercado de O Progreso a concesión do referido mercado.

Pola súa parte, os integrantes da Asociación Profesional de Empresarios Autónomos do Mercado de O Progreso, mediante acta notarial do 9 de agosto de 2002, comunicaron á Presidenta da asociación concesionaria a súa solicitude expresa de alta como membros da mesma, sen que se accedese ás súas pretensións a este respecto. Por isto, interpúxose a correspondente demanda perante os xulgados correspondentes ó orde xurisdiccional civil.

Como consecuencia da tramitación de tales procedementos xudiciais, se dictaron resolucións xudiciais que clarifican o ámbito de relacións entre o concesionario e os titulares dos postos. En concreto, diversos autos dos Xulgados de 1ª Instancia de Vigo declararon a incompetencia dos mesmos para coñecer das pretensións de pagamento de cantidades adebedadas ou desafiuamento dos titulares dos postos, a favor da vía administrativa ante este Concello.

Así, o Auto do 14 de decembro de 2004, do Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Vigo, sinala que *"siendo el contrato de cesión suscrito entre el Ayuntamiento de Vigo y la Asociación demandante, de naturaleza administrativa, esta misma naturaleza se extiende a los contratos suscritos por dicha Asociación con los diferentes arrendatarios de puestos en el Mercado del que la Asociación es concesionaria, a pesar de que en el contrato de arrendamiento concreto no intervenga como parte la Administración local, puesto que alcanza a dichos contratos la finalidad de prestar un servicio público demandado por el interés general, competencia del Ayuntamiento que otorgó la concesión a la Administración hoy demandante"*.

No mesmo sentido pronunciose o Auto do 28 de febreiro de 2005, do Xulgado de 1ª Instancia nº 6 de Vigo, que expón que *"el carácter público de la Asociación de Comerciantes y Vendedores del Mercado del Progreso de Vigo se deduce de la condición de la misma de concesionaria, adquirida en virtud de un acuerdo plenario del Concello de Vigo de 31 de marzo de 2003, habiendo afirmado el Tribunal Supremo (Sentencia de 8 de abril de 1987) que «en cuanto al local en sí, la relación jurídica en la que éste se encuentra es siempre de índole administrativa, entendiéndose virtualmente presenten ella*

a la Administración Pública, pues los particulares que adquieren la condición de concesionarios actúan como verdaderos delegados de la Administración y ello aunque el contrato entre ambos fuera anterior a la adquisición del mercado por el Ayuntamiento, pues desde que ésta se produjo el bien se convirtió en demanial y el adjudicatario del puesto en concesionario”.

Por outra parte e en relación co dereito dos titulares dos postos a pertencer á Asociación concesionaria, a Sentenza do 20 de xuño de 2005, do Xulgado de 1ª Instancia nº 3 de Vigo, expón que *“es obvio que los hoy demandantes cumplen sobradamente los requisitos necesarios para ser admitidos como socios en la Asociación demandada, sin que, por otra parte de ésta, se haya dado respuesta a las solicitudes que por aquellos se formularon mediante acta notarial y demanda de conciliación, sin que sea obstáculo a tal efecto el hecho de que sean miembros de la asociación en que se integraron inicialmente, pues tal circunstancia no está prevista como motivo de inadmisión en los estatutos de la Asociación demandada, procediendo, por tanto, a la estimación de la demanda”.*

En consecuencia, e á vista da interpretación que conferiron as citadas resolucións xudiciais ás relacións entre o concesionario e os titulares dos postos, faise necesario elaborar un regulamento específico para o Mercado de O Progreso.

O Regulamento remítese ó Regulamento Xeral de Mercados se ben incorpora normas encamiñadas a facilitar a solución dos problemas anteriormente relatados, recollendo as propostas formuladas nas diversas reunións mantidas tanto coa entidade concesionaria como cos titulares dos postos. En concreto, a imposibilidade da concesionaria de utilizar a vía xudicial civil para reclamar as cotas non aboadas polos usuarios dos postos, de conformidade co disposto polos autos referidos, implica a necesidade de recoñecer a posibilidade de utilizar os medios de autotutela executiva por parte do Concello de Vigo, para asegurar o pagamento de tales cotas.

Pola súa parte, a falta de participación dos titulares dos postos do Mercado na asociación concesionaria, provocou tensións na xestión dos mesmos, causando diversas continxencias á prestación do servizo público que prestan os mercados municipais.

A este respecto, cabe lembrar que a vontade municipal cando cambiou a forma de xestión dos mercados foi a de fomentar o asociacionismo entre os titulares de postos do mercado e a de facilitar a xestión dos mercados, por parte destes. En congruencia con tales obxectivos no presente Regulamento establécese que a entidade concesionaria, cando sexa unha asociación, deba admitir no seu seo ós titulares de postos cando así o soliciten, así como o dereito dos titulares dos respectivos postos a formar parte da asociación concesionaria.

Por último, establécense unhas disposicións transitorias ó obxecto de conseguir a regularización da situación actual de acordo coa presente normativa nun prazo de tempo determinado, en beneficio do servizo público municipal de mercados de Vigo.”

Con base no exposto e vistos os artigos, 4.1.a, 49, 70, 122 e 127 da Lei de bases de réxime local e o Regulamento Xeral de Mercados, o funcionario

informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 19 de setembro, dictaminou favorablemente a devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, na mesma data de 19 de setembro, prestou a súa aprobación ó devandito regulamento.

(No momento da votación está ausente a Sra. Martíns Vilanova)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e seis que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar inicialmente o Regulamento do Mercado do Progreso e expoñelo ó público de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local, co texto que se transcribe deseguido.

ARTICULADO

Artigo 1.- Ámbito de aplicación

O presente regulamento será de aplicación no Mercado Municipal de O Progreso e ten como finalidade regular as peculiaridades do mesmo.

Para todo o non disposto neste regulamento estarase ó establecido no Regulamento Municipal dos Mercados Municipais de Vigo.

Artigo 2.- Dereitos dos titulares dos postos.

Ademais dos establecidos no Regulamento xeral de Mercados, no suposto de que a concesionaria do Mercado sexa unha asociación, os titulares de postos de venda que funcionen de maneira efectiva no Mercado de O Progreso, terán dereito a formar parte da indicada asociación.

Artigo 3.- Deberes da concesionaria

Ademais dos establecidos no Regulamento xeral de Mercados, no suposto de que a concesionaria do Mercado sexa unha asociación, esta virá obrigada a admitir como membros da mesma a aqueles titulares de postos de venda que funcionen de maneira efectiva no Mercado de O Progreso que así o soliciten.

O contravimento deste deber considerase unha infracción moi grave.

Artigo 4.- Débedas dos titulares de postos fronte á entidade concesionaria

As débedas adquiridas polos titulares-usuários dos postos de venda fronte á asociación concesionaria, resultarán esixíbeis por vía executiva de prema por parte do Concello de Vigo.

DISPOSICIÓNS TRANSITÓRIAS

Disposición Transitória Primeira

A asociación concesionaria do Mercado de O Progreso deberá adaptar os seus estatutos, e a efectiva xestión dos respectivos prazas, ó disposto neste regulamento no prazo dun mes dende a entrada en vigor do mesmo.

Disposición Transitória Segunda

O contravimento da obriga de adaptación dos estatutos referidas na Disposición Transitória Primeira, considerarase como unha infracción moi grave.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor de conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei de Bases do Rexime Local.

8.- (209).-PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2006.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 16 de setembro, o delegado provincial da Consellería de Traballo solicita se lle remita a proposta deste Concello para os festivos locais correspondentes ó ano 2006.

Con data 21 de setembro a Alcaldía-presidencia formula a seguinte moción:

"En cumprimento do disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no art. 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de novembro, sobre xornadas especiais de traballo, esta Alcaldía somete á consideración do Pleno do Excmo. Concello de Vigo, que as dúas festas locais que corresponde fixar á Corporación municipal para o ano 2006, sexan os días 28 de marzo, Reconquista da Cidade e 16 de agosto, festividade de San Roque."

(No momento da votación está ausente a Sra. Martíns Vilanova)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito,

ACÓRDASE:

Declarar festivos locais a efectos laborais os días 28 de marzo, festividade da Reconquista da Cidade, e 16 de agosto, festividade de San Roque.

9.- (210).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG DE INSTAR A INSTALACIÓN DE
SERVIZOS DE TELEFONÍA E RADIO NOS TÚNELES DA AREA METROPOLITANA
DA MADROA E A CAÑIZA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de setembro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Os túneles da Área Metropolitana de Vigo, os da Madroa e da Cañiza, non teñen repetidores de telefonía nin de radio, polo que os milleiros de cidadáns que deben usar decote eses túneles sofren evidentes prexuízos nas súas comunicacións.

Obviamente no caso da telefonía móbil, o servizo máis necesario, estamos a falar do sistema de mans libres, pra cumprir coas normas vixentes sobre seguridade.

Non é de recibo que, nos tempos que corren, eses túneles non teñan os servizos que teñen noutros lugares mellor atendidos.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Dirixirnos ó Ministerio de Fomento pra que instale repetidores de telefonía e radio nos túneles que son da súa directa incumbencia e que ó mesmo tempo negocie coas concesionarias de autopistas, nos casos pertinentes, solucións semellantes.

2.- Dirixirnos á Xunta de Galicia pra que apoie ás nosas peticións e, se coma nós o considera oportuno, solicite igual trato pra todo os túneles que hai na Galiza."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 19 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Ademais do que se di na moción pedimos tamén dirixirmonos á Xunta de Galiza para que se estuden semellantes medidas no noso País e como o por qué é evidente, voulles aforrar bastante exposición.

Hai moitos lugares onde esas técnicas se empregan decote e os nosos executivos e empresarios fundamentalmente, aínda que tamén os traballadores nas súas comunicacións que se moven decote na área metropolitana sofren prexuízos evidentes por interromperen as súas comunicacións telefónicas, naturalmente polo sistema de mans libres por aquilo da seguridade.

Coido que hai que ir metendo ó País por camiños de modernidade en cousas coma esta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, de instar a instalación de servizos de telefonía e radio nos túneles da Área Metropolitana da Madroa e A Cañiza, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

10.- (211).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO A LIMPEZA DO VIAL DA UNIVERSIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de setembro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

“Na vía que vai cara á Universidade, entre a rotonda que hai fronte o cemiterio de Pereiró e a rotonda seguinte, temos un paso habilitado para peóns que está invadido polos choróns que alí hai e, o que é peor, polas silveiras.

En efecto, alí hai un silveiral do que proceden cheiros fedorentos, quizais porque debe haber algún animal morto en descomposición, cousa que teñen que soportar os veciños da zona (e preto hai un colexio público) e mailas xentes que aparcan naquel lugar para iren ó tanatorio de Pereiró ou ó estadio de Balaídos.

Consonte co antedito propoñemos:

Que a Sra. Alcaldesa dea as instrucións oportunas para que de xeito inmediato se proceda a limpar debidamente a zona antes amentada.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 19 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VÁZQUEZ: Trátase do vial que vai dende a Universidade fronte Pereiró ata a seguinte rotonda; alí as silveiras chegan ó medio da estrada. Hai silvas, arbustos e mesmo na parte esquerda subindo cara arriba hai moi mal cheiro por mor seguramente dalgún animal morto.

Pídese que se limpe iso e que se adecente coma Deus manda.

(No momento da votación está ausente o Sr. Guerra Fernández).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, instando a limpeza no vial da Universidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (212).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO APOIO PARA ACTIVIDADES EN RELACIÓN COA MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

“A idea de realizar a Marcha Mundial das Mulleres (MMM) xurde no ano 2000 á consecuencia da Marcha de mulleres contra a pobreza que tivo lugar no Québec no ano 1995. Dende entón en todo o mundo, tamén en Galiza, os grupos de mulleres intégranse neste movemento para conquistar uns obxectivos comúns.

A Marcha Mundial das Mulleres na Galiza ten acadado enorme prestixio, tanto noutras zonas do Estado como noutros países europeos, tendo o privilexio de ser elixidas para organizar a mobilización da MMM, que reuniu na nosa cidade a máis de 20.000 mulleres de toda Europa. Dende entón a MMM está a traballar en varios proxectos, dos que xa ten coñecemento este Concello, entre eles a Colcha da Solidariedade e a carta mundial das mulleres para a humanidade.

O día 17 de outubro (día internacional contra a pobreza) a MMM ten previsto realizar a nivel mundial unha xornada de solidariedade coincidindo coa chegada da Manta da solidariedade e da Carta Mundial das Mulleres a Onadogoudou (Burkina Fasso). A Carta, aprobada en Kigali en decembro de 2004 por representantes de todo o mundo, propón construír un mundo sen explotación, opresión, intolerancia e exclusión, onde se respecten a integridade, a diversidade, os dereitos e as liberdades de todas e todos nun mundo baseado na xustiza, igualdade, liberdade, solidariedade e a paz. A MMM na Galiza, en Vigo ten previsto realizar unha serie de actividades, entre as que estaría o traballo nos centros de ensino coa Carta Mundial das Mulleres, a colocación da Manta da Solidariedade Galega no Concello e outras.

Dada a importancia deste proxecto, que fomenta os obxectivos coincidentes co plano de igualdade aprobado polo Concello, é polo que solicitamos ao Pleno desta Corporación que adopte o seguinte acordo:

S.Ordinaria 29.09.05

Apoiar e colaborar coa organización de actividades que ten previsto realizar a MMM o día 17 de outubro."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do día 19 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ MARIÑO: Presentamos esta moción para apoiar as actividades que se van organizar concretamente o día 17 de outubro, Día mundial contra a pobreza.

A Marcha Mundial das Mulleres organiza en Vigo unha serie de actos pola chegada da Manta da Solidariedade á capital de Burkina-Faso.

A Carta, aprobada en Kigal en decembro de 2004 por representantes de todo o mundo propón, construír un mundo sen explotación, opresión, intolerancia e exclusión e que se respecten a integridade e os dereitos e liberdades de todos e de todas.

No caso de Vigo a Marcha Mundial organiza aquí con motivo dese día unha serie de actos entre os que vai estar o de pasar a Carta por todos os institutos onde se van ler os dereitos contidos nela e tamén se vai colgar no Concello a Manta da Solidariedade. O mesmo día 17 pola tarde vanse organizar unha serie de actividades.

Ó longo dos anos 2004 e 2005 se veñen organizando unha serie de actividades por mor da Carta e da Manta Mundial para as que se pediu apoio xa no momento de solicitar as subvencións a este Concello. Concretamente no caso da Marcha Mundial, para coñecemento de toda a Corporación, pediuse unha subvención, coido lembrar que de 15.000 € porque todos estes traballos custaron arredor de 33.000 €. Queríalle lembrarlle á Sra. Molares que neste caso se deu unha subvención de 2.000 € e non para este día concretamente, senón para as actividades que organizou a Marcha ó longo de todo o ano.

No caso de Vigo apoiando coma apoiamos o Plan de Igualdade, o Plan contra a violencia, por coincidir precisamente os labores que está realizando a Marcha cos obxectivos que se pretenden acadar con estes planos un dos nosos rogos á Sra. Molares é que apoie tamén economicamente todas estas accións porque noutros casos, vendo as subvencións que se dan a todas organizacións que efectivamente todas teñen os seus labores e a súa importancia, ás veces en obxectivos menos coincidentes con esta loita do noso Concello pola igualdade e en contra da violencia, concedéronse mellores subvencións.

È dicir, queremos que se apoie e que conste que toda a Corporación apoia este día contra da pobreza.

SRA. MOLARES PÉREZ: Dende a Concellería da Muller estamos apoiando a esta asociación coma facemos con todas as demais.

É verdade que pedíu unha subvención de 15.000 € e que se lle outorgaron 2.000 €, pero os criterios de adjudicación de todas as subvencións foron avaliados por unha comisión técnica e foron totalmente obxectivos e baremados segundo as actividades. Polo tanto poden gustar ou non pero si son axustados tecnicamente e o reparto tentou ser o máis equitativo posible. De todos os xeitos coa Marcha sempre tivemos unha especial sensibilidade. O ano pasado levouse practicamente a metade da subvención global que era de 72.000 € cunha subvención de 36.000 porque era un caso especial. Este ano volven estar coma o resto das asociacións dentro do baremo normal. Aínda así no ano 2005, á parte de subvención outorgada recentemente, comunicada tamén en breve que se tratará precisamente no propio Consello da Muller desta semana no 8 de marzo, tamén se lle compraron agasallos por un importe de 1.000 € para paliar precisamente o déficit que tiñan da propia marcha. Tamén se asumíu un custo de 348 euros de megafonía. Igualmente o 21 de maio tamén se asumíu o custe de megafonía e seguramente o 17 de outubro, se o orzamento nolo permite, tamén apoiaremos ó máximo estes actos. Temos que repartir con todas asociacións, con todas as organizacións que fan actividades para as mulleres e polo tanto na Concellería da Muller tentamos que o que prime sexa a igualdade, posto que para todas as asociacións as súas actividades son as máis importantes pero a nós nos corresponde repartir.

De todos os xeitos pode estar tranquila que quedarán contentas.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, solicitando apoio do Concello para actividades en relación coa Marcha Mundial das Mulleres, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

12.- (213).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO TOMAR AS MEDIDAS
NECESARIAS PARA CORRIXIR DEFICIENCIAS DO AUDITORIO MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"O luns 5 de setembro deu comezo a nova tempada do cineclube Lumière no Auditorio Municipal. Este feito, esperado polos socios e cinéfilos en xeral, provocou airadas protestas -incluídas cartas á prensa- coa conseguinte devolución dos cartos da entrada.

A causa: A lente necesaria para as proxeccións en cinemascope está en deficientes condicións dende hai dous anos, desenfocando a imaxe dun xeito mareante. Por se isto non bastara o equipo de son está nunhas condicións tan precarias que impide escoitar con claridade producíndose as queixas dos/as asistentes cando dunha película sen subtítular se trata (diso saben bastante no servizo de Normalización Lingüística, xa que o ciclo de cine en galego existente na actualidade ten recibido numerosas reclamacións)

Por todo o anteriormente exposto facemos a seguinte proposta de acordo:

Que se adopten con urxencia as medidas necesarias para corrixir estes problemas coa finalidade de poder utilizar o Auditorio Municipal en mellores condicións."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 19 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: Coma todos saben o luns 5 de setembro deu comezo a temporada deste novo curso neste auditorio municipal do Cineclub Lumière.

Precisamente este día da inauguración provocou as protestas de todos aqueles que ilusionados por seren aficionados ó cine ían asistir á proxección, ata o extremo que houbo que lles devolver os cartos.

Ó día seguinte, o martes facíase o ciclo organizado pola Concellería de Normalización Lingüística de cine en galego e ocorreu practicamente o mesmo: houbo berros, pateos... Esta vez polo son da cinta.

A causa de todo isto é que a cabina de proxección, que se mercou no ano 93 cun sentido provisorio, xa daquela era deficiente, non tivo ningún tipo de mantemento e ten dous problemas: un que afecta á visión e que está relacionado cunha lente necesaria para a proxección das películas de formato cinemascope. Coa lente que hai este tipo de películas queda desenfocada.

O outro problema está relacionado co son que non é o suficientemente claro coma para poderen proxectar unha película que sexa en castelán ou en galego, é dicir, as outras que proxecta o cineclub normalmente son subtituladas, a xente que asiste a elas ten que ler e por iso non ten demasiados problemas co feito de que o son non sexa claro; pero cando se trata dunha película en galego ou en castelán que polo tanto non está subtitulada entón hai problemas para a poder seguir.

Tendo en conta que se trata de instalacións municipais que afectan a programacións que poida desenvolver o propio Concello para lle sacar proveito, así como a outras actividades subvencionadas coma poden ser as do Cineclub Lumière, coidamos que hai que adoptar as medidas necesarias para resolver este problema.

Propoñemos ó Pleno o punto que di: "Que se adopten con urxencia as medidas necesarias para corrixir estes problemas coa finalidade de poder utilizar o auditorio municipal nas mellores condicións".

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sobre o tema do son e da situación do proxector do auditorio municipal quero dicir que hai tempo que dende a Concellería tentamos solucionar o tema.

Hai xa algún tempo que o Cineclub Lumière informou a esta Concellería que, debido ó transcórren dos anos e ó nulo mantemento do proxector iste foise deteriorando e eles deixaron de proxectar películas en español polas malas condicións acústicas, mesmo dende hai máis de dous anos hai problemas co lente de cinemascopexa que todos os films chegan neste formato e teñen un enfoque pésimo.

Por iso, unha vez visto que o problema era de falla de mantemento dende hai anos que non se arranxaba, sobre todo porque as películas actuais, segundo informan as empresas, presentan un lector de son para o que o actual do proxector está obsoleto, hai tempo que pedimos informes a distintas empresas. Buscamos empresas e acadamos distintos orzamentos que se atopan na Concellería de Festas e na de Patrimonio. Acadamos que unha empresa de Salamanca presentase un proxecto de modificación do equipamento do auditorio, así podería falar das condicións técnicas do equipo electroanalóxico, do grupo acústico, equipo de son cinemomono, da partida de instalación, etc. É dicir, hai tempo que estamos preocupados por esta cuestión pero esperamos, unha vez obtido o orzamento, a que esta empresa de Salamanca viñera ver as condicións acústicas e de proxección do auditorio e dende logo que imos solucionar o tema porque estamos niso.

Se non se conservan as cousas ó longo dos anos deteríóranse e chegan a esta situación de que mesmo non poidamos proxectar as películas elixidas polo Cineclub Lumière porque o deterioro era tal que non era posible esa proxección.

Esperamos que nos próximos meses isto estea solucinado.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Figueroa Vila e a Sra. Graña Barcia).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e seis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, instando se tomen as medidas necesarias para corrixir as deficiencias do Auditorio Municipal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (214).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO O INCREMENTO DA SEGURIDADE VIAL NA RÚA MANUEL COMINGES E RÚA DOS CANTEIROS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, formula a seguinte moción:

“Na parroquia de Mátama e nun espazo de sobre uns 600 mts. de separación, existen dous colexios de ensino, o colexio público Josefa Alonso situado na rúa Manuel Cominges e o privado Santa Vedruna, na estrada Parada no cruzamento coa rúa dos Canteiros. Cunha matrícula de 220 alumnos e alumnas, xera un tráfico de vehículos e persoas importante que nas horas de entrada e saída producen situacións de risco permanente.

Ao mesmo tempo indicar tamén que, anque existe unha mínima sinalización, non é a suficiente para atallar os problemas de velocidade e seguridade vial necesarios, pois non existen beirarrúas e os dous viais son estreitos, o que xera situacións de perigo constante nos cruzamentos dos vehículos ou no tráfico pesado que por alí pasa con bastante frecuencia, non só como consecuencia da actividade escolar senón tamén cando pasa calquera persoa.

As xestións que ata o de agora teñen realizado as direccións do centro escolar ou as ANPAs, ou mesmo a Asociación de Veciños de Mátama, non tiveron ningún resultado, polo que por todo o exposto, o grupo municipal do BNG, propoñemos a seguinte resolución:

1.- Que o Goberno Municipal proceda a realizar un estudo, e a conseguinte posta en práctica, de ordenación do tráfico e actuacións nos contornos dos colexios Josefa Alonso e Santa Vedruna ao fin de dotalos dos elementos de seguridade vial necesarios para eliminar os riscos (elementos para reducir a velocidade, incremento da sinalización, etc.)

2.- Que neste estudo participe o departamento de Vías e Obras e determine as actuacións necesarias para incrementar dita seguridade vial."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, en sesión do día 19 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. VIÉTEZ ALONSO: En Matamá e cunha separación de case 600 metros hai dous colexios, un público e outro privado, cunha matrícula superior ós 200 alumnos e alumnas. Producto precisamente do tráfico que xera a entrada e saída dos colexios e mesmo o resto do día, dadas as circunstancias que teñen estes dous viais coidamos que existe un perigo constante e que deberamos actuar coma Concello.

Nese sentido xa no seu momento se fixo unha actuación diante do colexio público "Josefa Alonso" para, á parte de reducir a velocidade, mellorar a condición deste vial. Observamos que é insuficiente e mesmo hai reivindicacións de hai tempo tanto da ANPA coma da dirección do centro demandando unha maior seguridade vial, á parte das propias características do vial que pola súa estreiteza fai que cando se cruzan dous coches, se hai algunha persoa circulando nese momento, se xeren problemas de seguridade vial.

En primeiro lugar pedimos que por parte do departamento de Tráfico se estudara un maior incremento desas medidas e sobre todo nas horas de entrada e saída. Por outra banda que o departamento de Vías e Obras fixera un estudo das necesidades de actuación, nomeadamente na rúa dos Canteiros porque é a máis estreita, para eliminar estes perigos potenciais e ó mesmo tempo mellorar a seguridade.

SR. COELLO BUFILL: Coma vostede sabe, Sr. Viéitez, o día 21 deste mes en curso visitei persoalmente co enxeñeiro de Tráfico a zona á que vostede se refire na súa moción e xa lle advertín que se tomarían medidas na zona de Manuel Cominges en canto á sinalización dos eixos da vía.

En canto á rúa dos Canteiros vostede sabe a dificultade que existe por non haber beirarrúas pero eu lle podo dicir que hoxe tamén se está visitando

polo departamento de Vías e Obras para lle dar a solución máis axeitada posible dada a estreiteza do lugar.

Tamén lle digo que a Policía Local na súa campaña outono-inverno vai incrementar en todos estes puntos negros unhas accións de control de velocidade en horas que poden dar resultados para todos.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Graña Barcia e o Sr. Ruiz Ceniceros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e seis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Vieitez Alonso, propoñendo o incremento da seguridade vial na rúa Manuel Cominges e rúa dos Canteiros, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (215).-MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSDEG-PSOE SOLICITANDO O INMEDIATO CUMPRIMENTO DO ACORDO DO 26.01.05 RELATIVO Á CREAMENTO DUNHA ESCOLA PÚBLICA NO PERI II 12 A FLORIDA B.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de setembro de 2005, as concelleiras do Grupo municipal do BNG, Sra. Martínex Vilanova, e do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, formulan a seguinte moción:

"Esta moción, presentada conxuntamente polos Grupos Municipais do PSOE e o BNG está motivada polo incumprimento do acordo plenario do 26 de xaneiro de 2004 consistente no seguinte:

Que se inicien por parte do Goberno Municipal, os trámites necesarios para a realización de:

- Unha Escola Infantil pública
- Unha pista deportiva multiusos aberta
- Unha piscina cuberta de 25 metros
- Unha zona de xogos infantís

no ámbito que se sinala no plano adxunto dentro do PERI II-12, A Florida B

En días pasados asistimos con grande estupefacción a sendas reunións coa Concelleira, en virtude da Lei de Grandes Cidades, Dna. Marta Iglesias, en donde se nos informa de que:

- Non tivo coñecemento da moción ata moi recentemente
- Non se fixo ningunha modificación do PERI relativa a acadar os 75 m2 privativos para a nova escola infantil
- Iniciar o proceso da modificación levaría polo menos un ano
- Neste momento estase a rematar o edificio que queren destinar a outro uso

Tal e como se dicía na correspondente moción, a zona comprendida entre a Avenida de Castelao, Florida e Manuel de Castro é unha zona que medrou enormemente en poboación, sobre todo xóve, onde se abriron novos viais e novas urbanizacións. Os terreos de aproveitamento municipal existentes dentro do polígono 1 do PERI II-12, A Florida B seguimos pensando que son ideais para as finalidades aprobadas no seu día.

Por todo isto, propónse ao Pleno do Concello a adopcións dos seguintes acordos:

Que de xeito inmediato se proceda, por parte do Goberno Municipal, a iniciar os trámites necesarios para dar cumprimento á moción aprobada por unanimidade o 26 de xaneiro sobre a realización dunha escola pública dentro do PERI II.12, A Florida B."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 19 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: No Pleno do 26 de xaneiro de 2004 aprobouse por unanimidade o seguinte texto: "Que se inicien por parte do Goberno municipal os trámites necesarios para a realización dunha escola infantil pública, unha pista deportiva multiusos aberta, unha piscina cuberta de 25 metros, unha zona de xogos infantís no ámbito que se sinala no plano adxunto dentro do PERI II-12 Florida B".

Repito novamente que este acordo aprobaouse por unanimidade e pasaron xa dende xaneiro de 2004 practicamente dous anos, quedannos tres meses para que se cumpran dous anos.

Pois ante a nosa sorpresa en días pasados, ante unha reunión convocada pola señora Iglesias, infórmanos de que non se fixo nada ata o momento. Ela comenta que non tivo coñecemento da moción ata moi recentemente e polo tanto que non é responsable de esta paralización, non se fixo a modificación que había que facer no PERI relativa a acadar os 72 m2 privativos que necesita a escola infantil. Comenta que iniciar o proceso neste momento levaría máis ou menos un ano e que iso é perder o tempo e o

que está tratando de nos dar a entender con todo isto é que nunca estivo na súa idea facer alí unha escola infantil.

Parécenos moi grave que se queira escamotear unha escola infantil que é imprescindible para Vigo, que en lugar de cumprir un acordo unánime do Pleno e traballar para dar resposta á necesidade de prazas públicas en educación infantil, necesidade que cada día é máis acuciante e que se ve agudizada pola incorporación ó traballo dos dous membros da parella, pois resulta que isto non parece ser importante para o partido do PP que goberna esta cidade e que pasa dos acordos plenarios, de acordos que eles mesmos dixeron no seu momento que lles parecía unha boa idea e que votaron afirmativamente, non se preocupan o máis mínimo, mesmo a modificación que no seu momento se fixo para a piscina municipal foi en base a unha moción do PSOE presentada na Xerencia de Urbanismo porque tampouco se estaba facendo nada nese outro sentido. Non hai vontade política para o facer, iso é o que me queda claro despois de todo este tempo, porque parece que en vez de unha dotación de interese para a cidadanía o PP prefiere facer política clientelar.

A mín paréceme que son vostedes totalmente antidemocráticos, que actúan en contra dos intereses xerais da cidade, dos intereses da maioría; utilizando a política de feitos consumados pretenden que lles deamos o visto e prace para facer outras cousas e deixar de lado o que no seu día aprobouse polo pleno. Por iso parécenos grave porque non é a primeira vez que veñen mocións para que se cumpran os acordos plenarios, non é a primeira vez que hai que presentar cousas mesmo para botar abaixo un acordo do pleno que se contradecía cun acordo plenario que se pensaba que se estaba respectando e que se ocultan datos mesmo nun expediente.

Paréceme tremendamente grave e creo que é urxente que se corrixa a situación e por iso traemos a Pleno esta moción conxuntamente co PSOE que di o seguinte: Que de xeito inmediato se proceda por parte do Goberno Municipal a iniciar os trámites necesarios para dar cumprimento á moción aprobada por unanimidade o 26 de xaneiro sobre a realización dunha escola pública dentro do PERI II 12 A Florida B.

SR. SOTO FERREIRO: Teño que recoñecer que a Sra. Iglesias ten falado comigo deste asunto e temos falado sobre o fondo do mesmo. Ela sabe a miña opinión, que vou dicir agora públicamente. A min paréceme que efectivamente hai que cumprir ese acordo plenario.

Mesmo o feito de que se poida instalar unha escola pública é infinitamente máis trascendental que se houbera que esperar uns meses mesmo para modificar o planeamento urbanístico. Ó fin e ó cabo,, levamos sen escolas públicas en Vigo en moitos sitios e esperar uns cantos meses máis paga a pena xa que lamentablemente, non se fixo ben o planeamento urbanístico anteriormente, polo tanto para min non hai ningunha disculpa para que esa escola pública de deixe de facer.

Dito isto, tamén a reflexión de que, non son quen lle dar consellos Sra. Alcaldesa, pero evidentemente, tal e como se están a conducir, estannos a producir desacougos ós demais grupos municipais. Unha de duas, ou vostedes teñen vontade de facer o que votan ou polo menos non nos desconcerten a nós e enganen a todos votando a favor de cousas que non pensan cumprir. Tenos ocorrido en varias cousas e esta é unha máis.

Polo tanto imos votar a favor desta moción malia que non fomos consultados sobre ela, fixérona xuntos o BNG e o PSOE, pero como estamos completamente de acordo imos votar a favor.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Sobre o tema das escolas públicas e escolas infantís este goberno demostra a súa sensibilidade porque xa está en marcha unha, outra está en tramitación e ista sería a terceira. É unha necesidade na zona oeste da cidade que exista unha nova escola infantil de acordo cos datos que existen de demandas, non sei se municipal ou da Xunta, sobre todo nos tramos de horario, principalmente pola mañá que é donde existe máis demanda por parte dos pais e nais para os seus nenos nas escolas infantís. Sobre o tema da modificación, segundo me informa o Concelleiro de Urbanismo modificouse o plan parcial por unanimidade entre todos os membros sen que xe fixera mención a esta escola infantil. Consultados os técnicos municipais hai que dicir que consideran que o mellor é que as escolas infantís sexan edificios exentos. Dende logo existen edificios donde as escolas infantís, non só a primeira etapa senón a segunda, están en baixos de edificios o que presenta problemas de mantemento e sobre todo problemas de que, se se trata de un edificio de réxime de propiedade horizontal, as súas reformas son máis complicadas.

Por exemplo na rúa Hernán Cortes onde existe unha escola infantil, dende que empezou o curso son dúas as inundacións que sufriu co deterioro evidentemente da calidade da ensinanza e da situación dos nenos e nenas nesa escola infantil. Por iso é mellor sempre en edificios totalmente de propiedade municipal pero o mellor son sempre edificios exentos para que

non existan eses problemas de posibilidades de conflito con outras propiedades dentro do mesmo edificio.

Por iso e dentro dese programa de construción de novas escolas infantís, na zona oeste da cidade que tanto creceu estos últimos anos, existe ademáis un terreo a carón do Conservatorio de Música onde mesmo se elaborou durante o goberno anterior un proxecto de escola infantil. É unha zona que non está construída que está afecta a actividades educativas e que nela se podería construír unha escola infantil que ademáis, de acordo cos técnicos, sería o lugar máis adecuado porque non tería eses problemas de conflito con outras propiedades dentro do edificio.

O Goberno Municipal continúa co seu compromiso de construción de novas escolas infantís como está demostrando e por iso nós propoñiamos que mellor que nese sitio debaixo dun edificio, sería nun edificio exento e por iso propoñiamos que se modificase a proposta e que se construíse nese solar inmediatamente próximo o actual Conservatorio de Música da zona da Florida.

SR. FIGUEROA VILA: Só para clarear dúas ou tres cuestións referentes ó desenvolvemento deste planeamento.

Primeiramente eu quixera ó empezar hoxe o Pleno, se teño posibilidade de falar, pedir desculpas á compañeira María Luisa Graña por unha interpretación que houbo no Pleno anterior porque penso que a política vale pero clarificar as posturas de cada un tamén é importante. Houbo un malentendido onde a ela lle pasaron un dato incorrecto que eu comprobei e por tanto pedirlle desculpas publicamente porque un erro nos pode pasar a calquera, onte pasoulle a María Luisa Graña pero mañá nos pode pasar a calquera dos compañeiros. Pedirlle desculpas publicamente e que conste en acta esta referencia.

Con respecto a este tema é certo que había unha moción presentada polo BNG o 19.01.04 pero este tema tivo unha modificación dese planeamento a proposta do Partido Socialista e pasou catro votacións; ninguén fixo ningunha referencia, nin negación a ese tema.

Non houbo ningunha mala fe pola nosa parte en non o tramitar, senón que se interpretou ou interpretamos nós que co tema da piscina quedaba perfectamente cuberto. Dígollo con toda a honestidade e sinceramente, non pensen vostedes que nós non quixemos cumprir ese acordo plenario, senón que como había unha moción posterior a isa, que coido que presentou o Sr. Ruíz Ceniceros na Xerencia de Urbanismo o 23.09, aprobouse por unanimidade esa proposta, houbo unha aprobación inicial, houbo alegacións, alegou unha

parte dos propietarios daquela xunta de compensación, desestimáronse esas alegacións e nós entendiamos que con iso quedaba perfectamente cuberto e isa era a unanimidade e a proposta que quería a Corporación para ese PERI. Dende aquel momento entendimos que a primeira moción decaía e que a proposta definitiva era a que presentara o Grupo Socialista. Dígollo con profunda tranquilidade e transparencia porque é así, por iso se aprobou desta maneira. Despois se aprobou definitivamente por unanimidade de todos os grupos políticos o 25.04.05. Isa é a explicación que lle temos que dar dende Urbanismo, entendemos que no momento en que se presentara unha moción posterior, decaía a primeira e a que prevalecía era a última.

A partir daí, a compañeira Marta Iglesias tenta facer unha rolda de contactos con todos os grupos políticos porque había a dispoñibilidade duns locais para ver cal era a mellor situación, polo tanto segunda actuación do goberno onde tampouco se pode entender mala fe. Se unha compañeira vai falar cos grupos políticos para tentar consensuar unha proposta para uns locais que hai a disposición do Concello, quere dicir que se actúa correctamente e se tenta buscar o consenso.

Isas son as explicacións que temos que dar dende Urbanismo e dende o Goberno porque consideramos que se fixo con absoluta transparencia, seguindo e cumprindo os acordos plenarios e, por suposto, cando hai unanimidade nun proxecto loxicamente quere dicir que todos estamos de acordo. Pasou catro votacións, da Xerencia, do Pleno e aprobouse definitivamente no Pleno; mesmo houbo un período de exposicións de alegacións ó público. Ista é a realidade deste expediente. A partir daí o que se queira facer loxicamente é unha decisión que ten que tomar a corporación e por iso a compañeira Marta Iglesias tentou falar con todos os grupos políticos.

SRA. SIO LOURIDO: Entendemos que seguramente non houbo mala fe pero eu quero falarlle exactamente do tema ó que fixo referencia do Grupo Socialista da piscina e o que se aprobou é unha modificación que xa se iniciara cando nós estabamos no Goberno. Esa modificación iniciárase con anterioridade a que a Sra. Martíns presentase a súa moción en xaneiro de 2004. O que fixo esa moción que se presentou en Urbanismo foi ratificar esa modificación que iniciara o goberno anterior. Non hai contradicción, sinxelamente unha parte complementa á outra. Si que era un acordo de Pleno que aprobara por unanimidade.

Produxióronse conversas e do que se trata é de que parece que na moción se recollía a escola infantil por un acordo unánime e é responsabilidade do goberno cumprir ese acordo. Neste caso, como se falaba de moitos locais para moitas cousas, decidiuse unanimemente en Pleno e máis vale situación en man que cento voando.

SR. SOTO FERREIRO: Non sei eu quen lle atribúe mala fe cando o Sr. Figueroa tan explicitamente alude á boa fe nas súas actuacións. Dentro deste balbordo explícolles moi sinxelamente a postura do Partido Galeguista. Imos estar permanentemente a favor de canta escola pública propoñan facer en Vigo e máis en infantil, sexa quen sexa.

Polo tanto recoñezo que ás veces os grupos non temos a capacidade de análise técnica, de facer contabilizacións xeográficas e estatísticas para ver que número de persoas, de alumnos pode haber nunha escola. Téñena vostedes que son o Goberno cos funcionarios municipais. Independente de que houbese ou non mala fe, será por parte dalgúns porque o Sr. López-Chaves insiste en que a el gústalle máis outra situación. Polo tanto mala fe non haberá pero cambio de criterio como mínimo sí.

Pasando por riba de todo iste vai e ven, o Partido Galeguista mantén o apoio a esta moción tal e como está, coidamos que aí hai que facer unha escola pública e se ademáis diso hai que facer máis, estamos tamén dispostos a apoialas. Pero donde está prevista isa, hai que a facer.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Dime o Sr. Figueroa que non pense mal; eu non penso mal, á vista dos feitos estou convencida de que se obrou con mala fe. No pleno onde se aprobou a moción vostede dixo: "O noso grupo vai votar a favor. Como idea parécenos correcta, o único é que os trámites legais oportunos se poñan en marcha e punto, é o que procede nestes intres. Nós imos votar a favor porque nos parece que a proposta é de interese para todos os cidadáns".

Son as súas palabras, Sr. Figueroa, eu non sabía que eu estaba no goberno, o noso grupo, o grupo do PSOE, o grupo do Sr. Soto, pero á vista do que vostede dí, parece que nós estamos no goberno e eses trámites oportunos que hai que poñer a punto témolos que poñer en marcha nós. Vostede dí que na Xerencia de Urbanismo se aprobou unha modificación por todos os grupos e que xa están todos os trámites necesarios feitos.

Resulta que esa modificación aprobouse por unha moción que presenta o Sr. Ruiz, presenta a modificación que se necesita para a piscina e non vexo

porqué ten que estar pendente da modificación que se precisa facer para a escola infantil, non sei porqué o PSOE ten que se preocupar diso nin porqué nos temos que preocupar nós despois de que aquí hai unha moción que se aproba en xaneiro do 2004 e que dí claramente que se poñan en marcha as accións pertinentes para poder levar a efectos a cuestión, cuestión que vostedes dín que lles parece de interese xeral. Non trate de botar sobre as nosas costas a responsabilidade de facer eses trámites.

Tamén dí vostede que iso se aprobou e que alí non se fixo mención a ningunha cousa. Pois mire, eu teño aquí tamén a acta de esa Xerencia de Urbanismo e o Sr. Toba dí claramente que a moción do BNG ía máis alá que o que isto representa, é dicir, que está recordando que aí hai que facer tamén outras actuacións.

Anteriormente a isto vostede fai unha intervención na que dí que é certo que existen esas mocións pero que o goberno ten un proxecto diferente, máis ambicioso. Á vista dos feitos sí que é verdade e o que aquí se demostra é que vostedes nunca tiveron intención de facer cumprir esta moción e a mín iso ségueme parecendo grave.

A PRESIDENCIA: En ningún momento se trata de dubidar sobre as necesidades da escola infantil na que todos estamos de acordo. Por outra banda, aparecen outras necesidades que son froito de peticións posteriores tamén da Asociación de Veciños, como é o caso dos veciños da Miño, e pola nosa parte o único que queremos é que se faga a gardería, que se faga a escola infantil e que tamén deamos resposta a todas as necesidades da zona.

Parécenos que podemos encontrar unha mellor situación, cremos que para os nenos sería mellor e eu proporía que, co mellor ánimo de dar resposta a todas as necesidades da zona, chegar a acordos nunha xunta de voceiros. Se non queren seguimos coa petición.

Se coa mellor disposición de todos chegamos ó acordo de seguir nesa liña de que a escola infantil debe ser nesa zona, se podemos atopar unha zona mellor e que se poida resolver de forma inmediata, penso que pode ser unha boa saída para dar resposta a todos. Coido que coa mellor intención e coa maior rapidez.

SR. SOTO FERREIRO: Señora Alcaldesa, nós somos persoas con vocación de diálogo permanente e entendemento polo tanto cremos que non sería demasiado grave non aprobar esta moción hoxe pero afirmámoslle que, se nos dan razóns para cambiar de opinión que nos parezan obxetivamente mellores,

cambiaremos, pero hoxe por hoxe advertimos que imos manter a posición de que se faga onde está. Malia iso, vóltolle dicir que se quere vostede facer unha Xunta de Voceiros para dialogar ó respecto, por nós sempre.

A PRESIDENCIA: Unha das razón poderían ser as zonas verdes que podería ter esa escola infantil no propio entorno.

SR. TOBA GIRÓN: Para o Grupo Municipal do BNG está claro que presentamos unha moción que non é casual, senón que é produto do traballo realizado nos catro anos pasados como calquera podería imaxinar, porque ese plan especial a fin de contas aprobouse durante o mandato anterior. Nós coñecemos da potencialidade dese plan especial para a maioría dos cidadáns que alí residen, que necesitan servizos, escola infantil, piscina, zonas de esparcemento para facer deportes e iso falla en toda esa zona. Polo tanto a moción nin é casual, nin é unha carambola senón que é produto dunha reflexión de bastante tempo.

Vostedes burlárona porque, como acaba de citar a señora Martíns, a miña compañeira de grupo, no debate do Consello da Xerencia no que nós limos con moita atención a proposta do Sr. Ruíz Ceniceros era simplemente que este expediente quedara aí e non se movía, exactamente iso, con toda a razón e con toda a lexitimidade porque el, sendo conselleiro de Urbanismo, sí que iniciara eses trámites.

O noso apuntamento nesa mesma Xerencia tivo un obxectivo que era advertir ó concelleiro de Urbanismo, que é vostede Sr. Figueroa, e á Sra. Presidenta do Consello da Xerencia, que é vostede Sra. Alcaldesa, de que o acordo que había que cumprir de xaneiro de 2004 ía máis alá, era moito máis ambicioso, era aportar catro tipos de servizos distintos a unha zona que está A súa actuación foi sistemáticamente en sentido contrario. Vostedes non querían a escola infantil precisamente alí onde se pode facer. Hai outras situacións, nós tamén as estudamos. Para empezar o terreo no que pensan non é noso, é da Consellería de Educación porque foi cedido a esa Consellería cando se fixeron as obras do novo Conservatorio que, por certo, nós pagamos un 70 por cento ademáis de poñer a parcela.

En segundo lugar efectivamente redactouse un proxecto. O Sr. López-Chaves falou dun proxecto. Vou asumir que vostede non está moi afeito a ver proxectos de obra e a discutir planos porque o que sinxelamente se fixo foi un tanteo de cotas para saber cómo se podía encaixar esa nova escola infantil e rexeitouse a idea por dous motivos. Primeiro porque por cotas,

se viñan as cotas enriba da escola infantil e propoñíanse cousas tan pouco sensatas como aproveitar o aterrado da escola infantil cunha zona de xogos. Señores, un pouquiño de sentido común.

En segundo lugar porque o conxunto urbanísticamente quedaba apelmazado de construción co Conservatorio alí ó lado e liquidabamos unha zona verde que sen embargo ten o seu obxecto como propio lugar de reunión dos rapaces/as que van precisamente ó Conservatorio.

Voulles dicir máis, precisamente hai un proxecto complementario ó do auditorio, feito polos arquitectos Salvador Fraga, Javier Quijada e Manolo Portolés, que contemplaba unha dotación complementaria precisamente á dese auditorio, dotación que non quixo asumir a daquela conselleira de Educación da Xunta de Galicia do Partido Popular daquela. Chegado a este punto vostedes o que nos propoñen é patada para diante e que non se faga a escola infantil. ¿Ou é que vostede, Sra. Presidenta, tivo algunha xuntanza coa Consellería de Educación para falar deses terreos e do seu uso para unha escola infantil? Se vostede tivera feito algunha xestión nese sentido, ata tería sentido que propuxeran un cambio que en todo caso debería ser discutido polo Pleno da Corporación porque foi unha unha iniciativa aprobada por el, pero é que vostedes non fixeron nada porque só teñen un obxectivo que é non construír alí a escola infantil.

O noso grupo vai poñer a votación a moción, tal e como está, sen ningunha modificación, independentemente por suposto, Sra. Presidenta, de que vostede convoque calquera reunión de voceiros para falar de calquera tema.

SR. LÓPEZ.CHAVES CASTRO: Non temos preocupación pola escola infantil porque xa está iniciada e xa está aberto o prazo de matriculación na escola de Saiáns a máis doutra en marcha e mesmo co horario ampliado. O outro día falaba na prensa de que a Xunta de Galicia ampliaba os horarios ás oito da mañá e aquí temos dende as sete e media da mañá ata as nove da noite, máis que os horarios que falan agora da ampliación da Xunta.

Si que é de interese aprobar a escola infantil con orzamentos e con implicación da Xunta. Si que se falou dese tema co delegado de Educación anterior, co actual non sei, aínda non falei con el porque sei que viña por Vigo pero non se puxo en contacto coa Concellería de Educación. Si que se falou deste terreo pero as cousas hai que as facer por etapas, primeiro está a escola de Saiáns, logo a escola de Palencia e despois virá esta escola infantil de acordo con estudos elaborados.

Todo isto está de acordo cos informes técnicos, é necesario ter en conta que a construción de escolas infantís é un incremento grande do gasto corrente no Concello de Vigo porque son case 180.000 € cada unha das escolas infantís polo cal tamén estabamos en conversas coa Xunta de Galicia. Tendo en conta que a competencia é da Xunta de Galicia que colabora co financiamento da construción da escola e mesmo con algunha subvención, estabamos en conversas para incrementar o financiamento e subvención destas escolas infantís.

Si que é unha necesidade e están en marcha dúas escolas infantís, agora existen tres, si que é un compromiso e queremos a terceira escola infantil sobre todo nunha zona onde se incrementa tanto a poboación como é a zona oeste de Vigo pero é necesario ir por etapas porque nos orzamentos municipais existen partidas, que por certo o BNG votou en contra, para a construción da escola de Palencia e despois o que queremos é continuar con outras escolas infantís pero sobre todo co compromiso da Xunta porque as escolas infantís que ata agora se realizaron foron co compromiso cofinanciado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.

O Concello de Vigo agora vai ter cinco escolas infantís que se incrementan e multiplican o custo corrente de mantemento das escolas e si se vai incrementar o compromiso da Xunta de Galicia. Si que existe compromiso, si que existe nesa zona, mesmo os técnicos municipais sempre falamos de que o proxecto xa tiña planos e incluso eu estudei o deseño de cómo ía ser esa escola infantil de acordo con eses tres arquitectos dos que vostede falaba o PERI é o mesmo aínda que non é o mesmo polígono.

O que queremos é dar satisfacción e cumprir que a zona de Florida teña os servizos necesarios como as UBAS, porque é unha necesidade na zona de Coia. O lugar onde sitúan as UBAS é insuficiente, a xente ten que esperar fóra cando están atendendo os traballadores sociais. Por iso é necesario implantar catro novas UBAS na zona de Coia e íse sería o lugar adecuado.

Se ademais podemos conseguir a escola infantil, todos os servizos da zona se poden cumprir que é o obxectivo que debe cumprir todo goberno e toda a Corporación Municipal. Por iso na situación desta escola infantil xa sei que existen dificultades, hainas en todas as escolas infantís do centro, as das zonas periféricas teñen menos problemas.

O que nós propoñiamos era a posibilidade de que ó mesmo tempo que se dá cumprimento a unha escola infantil, que queremos e estamos a facer, que ademais teña a zona de Florida e a zona de Coia máis servizos porque non só

é necesario que se incrementen os servizos educativos, senón tamén os servizos de benestar social.

Por iso propoñemos esa posibilidade de traslado do acordo cos informes dos técnicos porque, aínda que o Sr. Soto dicía que non me gustaba o sitio, non é así, senón que sempre falan os arquitectos e aparelladores dos problemas que teñen os baixos dos edificios para os converter en centros educativos porque non é o máis doado

Por iso cumprindo a idea de que se constrúa una escola infantil, mantiñamos esa proposta de mudala de lugar e de acordo con iso a asociación de veciños, as UBAS e os demais servizos municipais que se poidan prestar na zona de Coia poideren ter lugar onde instalarse porque senón non vai haber lugar para elas e as UBAS continuarán atopándose nesa situación.

SR. SOTO FERREIRO: Señor López-Chaves, non por moito falar alborea máis cedo. Vostede pode estar falando todas as horas que queira pero o fondo da cuestión permanece. A mín que me gustan moito as frases bíblicas e a vostede paréceme que tamén aínda que por diferentes razóns, voulle dicir que “no todo el que diga Señor, Señor entrará en el reino de los cielos”. Polo tanto quero dicirlle que se agora fan vostedes profesión de fe e traballo a prol da escola pública, perdoe que o acolla con profundo excepticismo. Dígoo pola súa traxectoria de traballo político como grupo político.

Cuestión número dous, volvo dicir o que dixen antes; cando veña esta moción nós votaremos a favor e se o BNG a mantén, aquí, agora, votaremos a favor. Pero tamén teño que adiantar que non nos gustan as formas nas que se impiden posibles diálogos. Esta moción está votada, non imos cambiar nada do que xa está aprobado polo Pleno da Corporación, polo tanto sinceramente non entendo e pídlle ó BNG unha reflexión nesa dirección para o feito de que se teña que votar agora e non teñamos a posibilidade que nos pide a Sra. Alcaldesa para dialogar sobre o tema e voltemos traela no próximo Pleno da Corporación. Paréceme que non habería ningún prexuízo porque o fondo deste tema está votado xa e aprobado pola Corporación e ningún acordo plenario o ten cambiado.

Esa sería a nosa postura e vai ser difícil que nos convenzan sobre un cambio no fondo do tema. Se vostedes persisten na propoñer agora mesmo, ímola votar pero recoñezo publicamente e que conste en acta que votariamos con desagrado na forma, estando cen por cen de acordo no fondo pero francamente con desagrado nas formas.

SRA. SÍO LOURIDO: Dende o grupo municipal Socialista queremos dicir que mantemos a moción presentada xuntamente co Bloque e, do mesmo modo que o meu compañeiro Mauricio Ruiz ratificou na Xerencia un expediente que se iniciara no 2002 para que seguise o seu curso e se iniciase a modificación para a piscina cuberta, neste caso parece que hai un deixamento do goberno no cumprimento desta moción que se aprobou por unanimidade en xaneiro de 2002 e que dá as responsabilidades a outros grupos sociais cando é a súa responsabilidade buscar local para calquera cousa e calquera servizo que se necesite no barrio.

Está ben situar esta escola alí e outras, as que sexan necesarias, que son moitas porque faltan moitísimas prazas para escolas infantís nesta cidade. E vou repetir a frase que dixen antes aínda que sexa unha reiteración ou unha ratificación: máis vale situación en man que cento voando.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: "Turpe esse tacere et Isocraten pati dicere", xa que o Sr. Soto quere falar de frases. Ista non é bíblica, é unha frase que dín que a dicía Aristóteles nos seus cursos cando explicaba e máis ou menos quere dicir que, xa que fala Isócrates, temos que falar nós; xa que fala Soto eu teño tamén que falar. Quero dicir nada máis que o compromiso é evidente. Ademais hai outra frase que dicía Baltasar Gracián "El hombre longo en discursos rara vez es sabio". Pois eu vou dicir moi brevemente que o compromiso municipal se demostra dende o momento en que dúas garderías están en marcha, queremos poñer en marcha tres e nos vintecinco anos de gobernos democráticos desta cidade se construíron tres imos poñer a terceira.

A PRESIDENCIA: Sinto que non acepten esa proposta para conseguir un consenso porque nós estabamos dispostos a seguir adiante se nesa Xunta de Voceiros a maioría, xa con algún dato técnico máis, decidíramos levala alí.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón, e Vieitez Alonso, e dez abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra

Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polas concelleiras Sra. Martíns Vilanova, do Grupo municipal do BNG, e Sra. Sío Lourido, do grupo municipal do PSdeG-PSOE, solicitando o inmediato cumprimento do acordo do 26.01.05 relativo á creación dunha escola pública no PERI II 12 A Florida B, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (216).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO A POSTA A DIPOSIÇÃO DA XUNTA OS TERREOS NECESARIOS EN NAVIA PARA A CONSTRUCCIÓN DO EDIFICIO DA ESCOLA SUPERIOR DE ARTE DRAMÁTICA DE GALICIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 19 de setembro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Calviño Rodríguez, formula a seguinte moción:

"A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia creou en Vigo a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia mediante o Decreto 144/2005 do 19 de maio (DOG do 6 de xuño de 2005). Os estudos superiores de arte dramática conducen a obtención dunha titulación, a todos os efectos, equivalente á de licenciado universitario. Por iso a Lei Orgánica de Educación, en trámite parlamentario en breve, establece o carácter diferenciado das ensinanzas artística de grao superior e dos centros que as imparten.

Non obstante para poder iniciar os estudos no curso escolar 2005-2006 a Consellería de Educación acordou o inicio das actividades nas instalacións do Instituto de Ensinanza Secundaria de Bouzas, instituto que vai albergar a Escola de Imaxe e Son de Vigo e os ciclos formativos propios desa familia profesional. Por iso están a realizarse reformas no edificio xa existente, baleiro practicamente de actividade dende a súa finalización ao fracasar as previsións da Consellería para dedicalo á Formación Profesional na familia de industrias alimentarias.

As reformas en realización permiten a convivencia da Escola de Imaxe e Son e da escola Superior de Arte Dramática -nunca aconsellable dado o diferente ámbito dos estudos de formación profesional e das ensinanzas superiores de arte dramática como máximo durante o presente curso escolar e o próximo 2006-2007.

Se queremos poñer en valor as ensinanzas artísticas superiores en Galicia, teremos que dotar ós centros que as imparten da correspondente autonomía e das ferramentas necesarias para desenvolvela.

S.Ordinaria 29.09.05

Non parece por tanto aconsellable a posta en marcha dun inadecuado anteproxecto presentado en xullo pola anterior Consellería de Educación para a construción dun edificio anexo á Escola de Imaxe e Son, que ademais non podería cubrir as necesidades de espazos dunha Escola Superior de Arte Dramática segundo a propia lexislación vixente (Real Decreto 389/1992 en BOE do 28 de abril de 1992).

É por iso que o Grupo Municipal Socialista fixo xestións ante a nova Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria para suxerirlle a necesidade de que a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia en Vigo conte cunhas instalacións que resposten realmente ó importante obxectivo de ser un centro de referencia da formación teatral a nivel peninsular e de dinamización teatral a nivel local e autonómico.

A resposta da Conselleira non puido ser máis entusiasta ata o punto que mostrou a súa disposición para incluír nos orzamentos do 2006 e de 2007 as partidas necesarias para a realización dun edificio singular como corresponde a importancia da Escola Superior de Arte Dramática, sempre que o Concello de Vigo poña a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios para a súa construción.

Atendendo á urxencia e comprobadas as dificultades para un emprazamento máis céntrico, o Grupo Municipal Socialista propón a cesión de terreos en Navia, zona de importante crecemento de cidade e magnificamente comunicada na que a creación da Escola poder ser un importante foco de dinamización educativa e cultural.

Dita proposta conta co visto bo a priori da Consellería, polo que, atendendo a que no Plan Parcial de Navia existen un total de 55.527 m² para uso docente distribuído en 4 parcelas, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Realización urxente das xestións necesarias para a posta a disposición da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Xunta de Galicia dos terreos máis apropiados, dentro das parcelas destinadas a uso docente no Plan Parcial de Navia, para a construción do edificio da Escola Superior de Arte Dramático de Galicia."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 19 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Bos días. Creo que o tema da Escola Superior de Arte Dramática é moi sentido por todos os grupos desta Corporación. Dende logo o Grupo Socialista considerouno un tema prioritario dende o primeiro momento e creo que podemos ter a satisfacción de alomenos, aínda que fora tarde e con grandes dificultades, a Xunta de Galicia anterior un mes antes das eleccións creara a Escola Superior de Arte Dramática con sede en Vigo.

Os estudos superiores de Arte Dramática son moi importantes, conducen á obtención dunha titulación de carácter equivalente a licenciado

universitario e subliño iso porque o carácter diferenciado das ensinanzas artísticas vai ser consagrado e cada vez con máis importancia, todos sabemos a gran leria que hai ó redor deste tema das ensinanzas artísticas na futura lei Orgánica de Educación que se vai a tramitar en breve de xeito que a importancia dun centro deste tipo, que vaia ser un centro de referencia das ensinanzas de Arte Dramática, creo que non se nos escapa a ninguén.

Sen embargo, para que puideran comezar as ensinanzas o presente curso escolar, a Xunta de Galicia antes das eleccións optou porque se iniciaran os estudos na escola no centro de Bouzas que vai albergar Formación Profesional en concreto, os estudos da Escola de Imaxe e Son que como todos sabemos pertencen á Formación Profesional.

Creo que non é unha mala medida para os primeiros anos, é unha boa decisión e ninguén esquece que ese centro de Formación Profesional de Bouzas estivo baleiro practicamente dous anos, non foi adiante que comezaran alí os estudos de Formación Profesional en Industrias Alimentarias porque non se favoreceu que houbera matrícula e coido que é unha boa noticia que ese centro se utilice para ámbalas dúas cousas, alomenos os dous primeiros anos.

Digo isto porque as instalacións é imposible que servan para as dúas ensinanzas e repito que nunca sería aconsellable, unha cousa é Formación Profesional e outra Ensinanzas Artísticas de ensino superior durante os dous cursos, o que se inicia agora no mes de outubro é o curso seguinte. Posteriormente é imposible que convivan, non hai espazo, vai haber moitos máis cursos conxuntamente e é absolutamente inviable.

Por iso é polo que este grupo municipal fixo unhas xestións cerca da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria onde se lles expresou a importancia destes estudos para Vigo e para toda Galicia, importancia ademáis que pode ter un relevo xa non digo español, senón peninsular porque dada a nosa situación xeográfica pode ser un gran polo de atracción para este tipo de ensinanzas tamén para o norte de Portugal.

Suxerímoslles a necesidade de que a Escola Superior de Arte Dramática contara cunhas instalacións que respostaran de verdade á importancia para a Arte Dramática en Galicia destas ensinanzas e penso que bastante máis. A resposta da nova conselleira de Educación foi enormemente positiva ata o punto de que defende que se faga un edificio singular; coido que este tipo de ensino require ter unhas instalacións moi apropiadas, moi especiais;

estaría disposta a incluír as partidas necesarias para a realización deste edificio, xa nos orzamentos do ano 2006 que se están a preparar.

Obviamente tería que ser unha presenza nos orzamentos bianual, tamén nos orzamentos de 2007 dado como están as arcas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que todos sabemos que quedaron bastante deficitarias.

Por esa razón propoñemos dada a urxencia, dado que para o curso 2007/08 non hai posibilidade da continuación digna destes estudos, un emprazamento que permita a rapidez que require que se poidan incluír esas partidas no orzamento de 2006 da Xunta de Galicia.

Cremos que a cidade está crescendo enormemente cara a zona de Navia, ten un emprazamento que vai a ter moita poboación e cremos que ofrece facilidades dado que no centro polo que nós revisamos é practicamente imposible porque a vella idea de metelo en Cluny resulta que, de acordo coa legalidade exacta dos espazos necesarios e lendo o Real Decreto que marca a organización destes estudos non é viable. Dado que vai ter ademais unha comunicación perfecta unha vez que se inaugure o segundo cinto, propoñemos que sexa nalguna das parcelas que están previstas no Plan Parcial de Navia para uso educativo.

Sinalo aquí que nese Plan Parcial están previstos máis de 55.000 m² para uso docente distribuídos en catro parcelas e por iso a proposición desta moción é que se realicen as xestións necesarias urxentemente para a posta a disposición da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia dos terreos máis apropiados dentro das parcelas destinadas a uso docente no Plan Parcial de Navia para a construción do edificio da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Obviamente o que se propón é que se fagan as xestións necesarias, que Urbanismo tome as medidas axeitadas para tramitar isto coa maior urxencia pero me permito propoñer que, das catro parcelas previstas, a escola pode necesitar uns 5.000 m² que é unha cantidade de terreo razoable, pero se pensamos en termos de futuro creo que a parcela máis axeitada é unha que dispón de 35.000 m².

Hai importantes ensinanzas artísticas que non teñen aínda a súa escola en Galicia e que teñen que se poñer en marcha os próximos anos, como son a Escola Superior de Danza á que xa a Alcaldesa fixo algunha referencia na súa entrevista co actual presidente da Xunta e a Escola Superior de Deseño. Esta segunda penso que ademais é especialmente importante polo tecido productivo que temos no noso entorno, dado que as ensinanzas artísticas de

deseño contan con catro especialidades: deseño gráfico, de produtos, de interiores e de moda e coido que cunha perspectiva de futuro sería pensar moi axeitadamente que, se poñemos en marcha a Escola Superior de Arte Dramática nesa parcela, o crecemento futuro a medio ou longo prazo, non sei en qué tempo polas razóns xa anteditas das dificultades orzamentarias coas que conta a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que obviamente son moitas pero en todo caso permitirían nun futuro o posible establecemento destas dúas escolas, repito que non no futuro inmediato porque sería absolutamente imposible pero pensando neses termos nalgo que fora importante para Vigo e que Vigo se puidera converter nun referente nas ensinanzas artísticas, que a proposta concreta, unha vez estudada tecnicamente, fora nesa parcela de 35.000 m2 que permitiría ese crecemento futuro que faría de Vigo un referente importante neste tipo de ensinanzas.

SR. ALONSO VAQUEZ: No egundo apartado pon vostede "...as reformas en realización permiten a convivencia...". As reformas ás que se refire vostede aquí ¿son o "molote" aquel que fixeron en Bouzas que tapou a pouquiña esquina onde mirabamos o mar, aquel "almatoste" que montaron alí" e agora queremos tirar iso para levalo. Eu hai un ano e pico presentei unha moción porque aquel instituto non leva dous anos como di vostede, leva case catro anos sen ter actividade ningunha.

Nós pensabamos, pensamos e seguiremos pensando que aquel era o sitio ideal para facer o centro de saúde que aínda non hai en Bouzas; pasou ano e pico daquela moción, os vellos seguen morrendo en Bouzas desgraciadamente, teñen que ir andando ó centro de Coia e a outros centros porque alí non teñen. Vostede defendeu a capa e espada alí o centro de Imaxe e Son.

O que vostede propón, eu son un pouco neófito no tema de estudos pero penso que se se vai dar un título universitario o normal e o máis sensato sería que fora para a Universidade e non para Navia.

Cando nos traian os estudos técnicos que digan cal é o sitio adecuado, se a Universidade como pensamos nós, ou se é Navia, ou San Miguel, ou Cabral, ou o que sexa, que sexan os técnicos quen o digan porque eu neste tema non lle vou dicir a vostede se é mellor un lado que outro e penso que vostede tampouco.

Insisto e cáeme a alma ós pes cada vez que penso que en Bouzas non hai un Centro de saúde e nós, coas nosas ideoloxías e coas nosas historias, montamos alí artes, escolas e os vellos non teñen onde ir. Cando teñamos un informe técnico que nos diga que alí é a mellor situación para o centro de

arte e para o centro de son estaremos de acordo en votalo porque ademais vostede di que iso é un título universitario, que é moi bo para Vigo, pois o lóxico é que fora para a Universidade e non para Navia.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Pola nosa parte compartimos o sentido da moción no aspecto de que é urxente ir pensando cales son os terreos máis axeitados para poder situar a Escola de Arte Dramática. Parécenos tamén interesante a idea do Campus das Artes con todo ese complexo de centros. No que dubidamos é que o sitio máis apropiado sexa Navia xa que, pola información que temos, hai compromisos adquiridos xa na zona dotacional como é o compromiso co Sergas para centro de saúde. Dentro dos de uso dotacional educativo está xa situado o actual centro educativo que probablemente haberá que facer máis dado o aumento de poboación nesa zona. Tamén temos idea de que hai compromisos con dúas asociacións de discapacitados psíquicos e físicos e algún que outro proxecto máis. Paréceme que con todo isto é un pouco difícil unha cesión inmediata de terreos para a localización de esta escola. Por outra banda, na anterior moción presentada por vostede houbo un punto que se engadiu in voce no Pleno que foi encargar un estudo a técnicos expertos sobre cal sería a localización máis axeitada para dita escola, xa que o emprazamento que propoñían daquela era provisional para que empezara a funcionar canto antes, pero este punto tamén se aprobou e a mín me gustaría saber se esa comisión de técnicos expertos fixo o estudo, onde está, a quen se lle presentou, se é que está feito.

Paréceme que antes de ningunha decisión teríamos que ter sobre a mesa ese estudo, tería que ser presentado na Xunta de Voceiros ou na comisión correspondente e sen eses datos na man parécenos difícil. Por iso propoñemos a retirada da moción e que se faga efectiva a realización dese estudo. A proposta que suxeríu o señor Alonso da Universidade tamén nos parece moi correcta, ó mellor mesmo se podería ampliar os terreos do Campus se era necesario e tamén se achegaba un pouco á cidade. O que nos parece fundamental é que se realice ese estudo e ante os datos técnicos e os pros e contras de cada cuestión, facelo. É urxente porque dous anos pasan voando.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Eu quería dicir que hai dous anos non sei se estaríamos aquí a falar de que a Escola Superior de Arte Dramática viña a nosa cidade, incluso a de Imaxe e Son. Agora estamos falando de onde situala dentro da nosa cidade o que dende logo é unha boa noticia para Vigo e para todos nós que a Escola de Arte Dramática estea na nosa cidade.

É certo que polas informacións que eu teño falouse da Universidade como primeiro destino para a Escola Superior de Arte Dramática, non chegaron a acordos entre a Consellería de Educación e a Universidade e o que temos que facer agora é buscar. Quizais Navia sexa un lugar adecuado, están en conversas, Vigo tiña que ofrecer os terreos e mesmo se os terreos son da Universidade, o Concello de Vigo niso non interviría para nada, sería a Consellería a que estime o lugar máis adecuado. Cando foi a implantación desta escola, aínda que sexa en situación provisional, sei que a Consellería estivo buscando os destinos máis axeitados, mesmo na Universidade e ten que ser a Consellería a que estime de acordo cos solos dotacionais destinados a actividades educativas que o Concello de Vigo teña e que imos poñer a disposición, tamén contando coa Universidade aínda que sei que non foi posible ese acordo, realizar ese estudo e o goberno municipal apoia a implantación nun edificio singular porque é bo un edificio exento, non un baixo dun edificio, que incluso nun futuro se poida ampliar a outras especialidades desas escolas superiores de titulacións que poidan realizar posteriormente os cursos de doutorado na Universidade, porque é un título equivalente a título universitario. Por iso nos parece ben a moción pero se se quere chegar a un acordo sobre o tema, nós imos a estar conformes con esa proposta.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Sen meter para nada a centros de saúde que obviamente é algo por onde non vai ir a utilización da escola existente en Bouzas, creo que é algo absolutamente irrealizable, si quería comentar sobre as críticas feitas a esta proposta varias cousas.

Na Universidade xa se intentou, xa se fixeron esforzos nese sentido e pódolle clarexar que as ensinanzas artísticas non son Formación Profesional pero tampouco son Universidade, son ensinanzas superiores cuxa titulación ten validez universitaria pero non son Universidade, nin está contemplado que así sexa na Lei Orgánica de Educación. Son algo específico e cando defendimos dende o grupo Socialista diversos emprazamentos, sempre defendimos que esta escola de Arte Dramática tiña que estar ogallá no centro, cousa practicamente imposible, para que precisamente os seus estudos e os seus traballos foran un auténtico polo de referencia cultural como penso que ten que ser esta escola nun futuro, a nivel galego e diría que moito máis que galego. É dicir que o tema da Universidade está rexeitado porque xa se fixeron todos os esforzos e mesmo para a súa instalación provisional.

Na escola de Bouzas este grupo municipal en efecto propuxo que estivera alí a súa instalación porque a nosa preocupación foi sempre conquistar que non se escapara esta escola superior de Arte Dramática e a alcaldesa sabe moi ben que estivo a piques de se escapar desta cidade. Era algo comprometido e sen embargo estivo a piques de que nos quedáramos sen esa importante escola nesta cidade.

Defendimos as instalacións de Bouzas precisamente para que estivera a Escola Superior de Arte Dramática soa, para que estiveran dedicadas esas instalacións, coas obras necesarias, para que se dedicara exclusivamente ese centro a este tipo de ensinanzas.

A especialidade da escola de Imaxe e Son é unha vella demanda que ten esta cidade dende hai moitos anos e creo que podería ter outros emprazamentos, é moito máis doado encontrar un emprazamento para unha escola de Formación Profesional de Imaxe e Son que para unha escola Superior de Arte Dramática pero a anterior Consellería de Educación decidiu que o emprazamento fora no instituto de Bouzas e fixeron as obras para que esa especialidade, de moita entidade por certo, se puidera dar en Bouzas. O que non pode ser é que se compartan as dúas ensinanzas porque son enormemente diferentes, porque non hai posibilidade de espazos mesmo a nivel legal, aínda que se fixera unha ampliación sobre o que xa está feito e pódolle asegurar que o feito vai ser útil para a escola de Imaxe e Son. Non me meto no deseño porque é cousa da anterior Consellería de Educación e mellor non entrar niso porque creo que non é o momento axeitado.

De feito que a proposta está seriamente estudada e traballada, o que non fai é o traballo dos técnicos por iso o que se propón é as xestións necesarias para a posta a disposición, non pretende suplantar ós técnicos. Se facemos esa proposición de Navia que é o futuro de Vigo, facémola tamén documentalmente. Non teñen nada que ver os terreos adicados a uso social cos terreos para uso docente tal e como están no Plan Parcial. Moléstome só a ensinar a parcela que propoño pero están en verde todas as parcelas e a de 35.000 m2 ten moi clariño que é para uso docente. Son 35.000 m2 onde caben todas as ensinanzas artísticas que comentei antes, centros de primaria, de secundaria e ademáis a Consellería de Educación ten moi claro que ten que facer moitos centros educativos en Navia.

O que nos pide nestes intreos e é o que me asombra, é que aceleremos os pasos porque non van poñer no orzamento do 2006 as partidas para a construción deste edificio, nin facer os arranxos técnicos necesarios, evidentemente negociando coa Alcaldía e co Urbanismo desta cidade, pídenos

que lle deamos canto antes ese posible terreo e evidentemente tratalo porque non é unha cousa pechada.

De verdade penso que non hai ningunha outra zona que poida ser ofertada de xeito inmediato e isto non é ningunha broma, dentro de dous anos a Escola Superior De Arte Dramática non pode seguir onde está. Creo que as novas Consellerías están dando unha demostración de atención e de preocupación por Vigo e de atención tamén á representante de toda a Corporación e cando hai unha disposición enormemente positiva para facer algo por esta cidade, non é bo poñer peguiñas do estilo que se estiveron a poñer nas intervencións que escoitei anteriormente.

Por certo, non a do goberno local que me da a satisfacción de pensar que este proxecto poida ir de inmediato porque creo que sería unha enorme irresponsabilidade pola nosa banda que non o poñamos en marcha de inmediato. Gracias.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Se di que lle botamos peguiñas, eu falo pouco pero falo moi claro, para dicir as cousas non fai falla estar unha hora falando para non dicir nada.

Se na Universidade hai empresas privadas instaladas nos seus terreos, con máis dereito terían que estar este tipo de escolas. Por outra parte pódolle dicir que estou totalmente de acordo co que dixo a compañeira Sra. Martíns de retirar a moción porque no fondo estamos de acordo con que se faga a escola, pero lle volvo insistir en que non estamos de acordo en que se faga aí. Que sexan os técnicos da Xunta e os do Concello quen decidan cal é a mellor situación e non eu, nin vostede, nin os políticos.

Por outro xeito dicía hai un momentinho que case se nos vai, que casi se nos marcha a escola. Digo eu, qué mágoa que os vellos teñan que seguir indo a pé ata Coia, ata Pi y Margall, seguir indo por aí adiante. É que é así, o centro de saúde estaba feito e foron precisamente vostedes, por iso non está feito aí; vostede dicía antes que nunca estará situado aí, non estará porque vostedes non queren que estea. Onde vostede vive ten un centro de saúde a dez minutos andando, se vostede vivira en Bouzas ó mellor interesarialle que estivese ali montado. Pregúntelle vostede á xente de Bouzas se quere alí o centro de saúde ou non o quere. Pero democráticamente hai que ir que decida a maioría aínda que outros non esteamos de acordo.

Non lle quero entrar a debate porque non estou de acordo totalmente co tema este pero nós propoñemos, igual que propuxo a Sra. Martíns, retirar isto e que sexan os técnicos da Xunta e máis do Concello quen localicen un sitio

idóneo. Pode ser Navia, pode ser a Universidade, o que sexa, pero que sexan os técnicos, non nós quen digamos onde ten que ser. Eu non quero que marchen as escolas de Vigo, por suposto que non, todo canto veña para Vigo é traballo e todo é bo, pero sigo insistindo no centro de saúde, tardarán anos, morrerán os pobres vellos dalí e seguirán sen mirar o centro de saúde e terán que ir andando ou en taxi ata alá arriba.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Nós somos partidarios de achegar servizos os cidadáns pero evidentemente hai servizos e servizos, non por ser de Navia se vai ser máis aficionado á Arte Dramática que por ser doutro lado.

Unha escola superior de Arte Dramática vai acoller persoas de moi distintos sitios, vai vir xente de Pontevedra ou doutros puntos de Galicia, non exclusivamente de Vigo. Esas cousas hai que telas en conta á hora da localización desta escola de Arte Dramática e máis se se quere encardinar isto dentro dun proxecto máis ambicioso, con outro tipo de escolas como antes apuntaba o Sr. Calviño.

Parécenos que esta decisión ten a suficiente trascendencia como para que se cumpra o punto do Pleno anterior onde constaba encargar un estudo a técnicos espertos. A mín gustaríame preguntarlle ós membros do goberno, é dicir, ós señores do PP se disto se fixo algo ou non. ¿Cumpriuse este apartado do punto, existe ese estudo? ¿podemos acceder a el? Porque a mín paréceme que antes de tomar esta decisión temos que acceder a ese estudo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Nós trasladámolo á Consellería, ofrecimos os distintos terreos que temos na cidade, eles estudaron, viñeron a Vigo en varias ocasións, viñeron a Bouzas, viñeron a Navia, subiron á Universidade, e eles buscaron o posible dentro dos terreos que había. Non puido ser posible a Universidade e entón se mantivo a situación de Bouzas. Agora o que ofrecemos é uns terreos en Navia e estamos de acordo coa proposta, mesmo me parece unha boa situación.

Os técnicos da Consellería estiveron aquí para examinar os distintos terreos porque hai que ter en conta que, como dicía vostede, non van ser só estudantes da nosa cidade e por iso a situación no centro tampouco sei se sería a máis doada porque ten que vir xente de fóra, a situación de Navia co cinturón de circunvalación tiña máis posibilidade de accesibilidade e por iso os técnicos tiñan que examinar a capacidade do terreo, se cumprían os requisitos que esixen legalmente.

Na Universidade non era posible por algún requisito legal que non cumpría algunha dotación universitaria e por iso se pensou na situación e agora penso que os técnicos ós que se vai ofrecer os terreos que xa existen conversas, a Consellería de Educación non vai recoller un terreo que non cumpra os requisitos legais e que teña posibilidade de acceso como ten o Plan Parcial de Navia.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: ¿Non se quedara en que os resultados das xestións que se facían con relación a acordos do Pleno se ían pasar a todos os grupos? Nós non recibimos ese estudo en ningún momento. Realmente, a teor das palabras do Sr. Chaves eu non sei se realmente existe ou se simplemente se puxeron terreos á disposición sen ningún estudo de expertos.

A PRESIDENCIA: Aida non hai terreos a disposición, precisamente esta emenda vai nesa dirección. Non temos ningún problema en estudar esta proposta e outras que poidan aparecer pero tamén quero dicir que é un problema de tempo, como dicía o Sr. Calviño, e xa temos uns terreos que poden ser bos, xa se descartou a Universidade porque as persoas da Consellería de Educación e máis os responsables da Universidade estudaron posibles emprazamentos e descartouse. Estamos na situación onde estamos, polo tanto imos traballar a favor de que a escola se poña en Vigo. Sendo un problema de tempo é un bo emprazamento. Nós apoiamolo. Se vostede quere retirala non temos problema para dialogar e para falar mil veces pero estamos dispostos a apoiala.

SR. CALVIÑO RODRIGUEZ: Está claro que o Grupo Municipal Socialista non retira a moción. Pide que se vote.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaoito votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Caballero Míguez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido e a Presidencia, e sete abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Calviño Rodríguez, instando a posta a disposición da Xunta de Galicia os terreos necesarios en Navia para a construción do edificio da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (217).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE INSTANDO O CUMPRIMENTO DO CONVENIO E ANEXO "PROGRAMA VIGO 2005" PARA EXECUCIÓN PROXECTOS EN PRAZA DE COMPOSTELA E RÚA URZÁIZ.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 16 de setembro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Barros Puente, formula a seguinte moción:

"Con data 19 de abril de 2004 aprobouse o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para o desenvolvemento do "Programa Vigo 2005".

Con posterioridade, en data 30 de agosto de 2004, subscríbese un anexo ao convenio, no que se concreta e pormenoriza as áreas urbanas sobre as que se efectuarán as actuacións pretendidas. Na estipulación primeira do Anexo detállanse as seguintes actuacións:

- Humanización contorno Praza de Compostela.
- Humanización contorno rúa Urzaiz, incluíndo os seguintes ámbitos:
 - Rúa Cervantes
 - Rúa Uruguay
 - Rúa Hernán Cortés e Luis Braille
 - Rúa Magallanes
 - Rúa Colón (entre Uruguay e Policarpo Sanz)
 - Rúa Manuel Núñez
 - Rúa Gil

O custo das actuacións deste convenio estimouse en 9.000.000 euros.

As recentes declaracións do goberno fan sospeitar que moi probablemente non se cumprirá integramente o convenio, que existirán actuacións que non contarán con orzamento suficiente para ser executadas, como Hernán Cortés, Luis Braille, Magallanes, Manuel Núñez e Gil. Esta situación confirmaría o incumprimento do convenio "Programa Vigo 2005".

A contía do proxecto, nove millóns de euros, non é insignificante. O goberno non só debe executar proxectos tamén debe axustarse ao orzamento previsto.

Por todo iso o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte moción:

Que se cumpra o convenio e anexo "Programa Vigo 2005" para a execución dos proxectos de Humanización no contorno da Praza de Compostela e Humanización do contorno da torno Rúa Urzaiz."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 19 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. BARROS PUENTE: O Grupo Municipal Socialista, ó chamar a atención sobre o cumprimento do convenio do programa Vigo 2005, quere facer unha chamada de atención ante manifestacións do goberno que nos preocupan. O Programa 2005 foi un exercizo de sensatez e de pragmatismo desta Corporación en aras a facilitar o financiamento posible para que a cidade tivese un bo aspecto polo menos no entorno máis próximo ó porto que é o centro, que estivese á altura do desafío da regata que sairá de Vigo probablemente en outubro.

Un goberno en minoría, co apoio que ten desta Corporación, que aplica sensatamente os criterios de prioridade en canto que os intereses da cidade están por riba de calquera outro lexítimo interese partidario asociativo, aceptamos un financiamento anticipado, pódese dicir, do Consorcio Zona da Franca na medida en que este financiamento sería compensado polo Concello en base a unha serie de impostos que o Consorcio non faría efectivos á Facenda Municipal.

En resumo, o único que observamos neste convenio é que a Facenda Municipal en última instancia será a que sufrague os gastos dun patrimonio que, pola súa natureza, será incorporado ó patrimonio municipal. Quere isto dicir, e convén insistir nisto, que o Concello unicamente negociou neste convenio unha especie de anticipo para cometer a realización destas obras.

As obras teñen unha intensidade importante e a fasquía do centro indiscutiblemente cambia e iso é o mérito da racionalidad política dos grupos que compoñen esta Corporación. Agora ben, este custo de 9 millóns de euros, por que como agora as cifras aparentemente son cativas, pode chamar a enganos pero 9 millóns de euros todos sabemos que é unha cifra moi importante e temos a preocupación de que este goberno en minoría caia na tentación victimista de dicir que se precisan máis fondos porque os proxectos exceden a posibilidade do financiamento que está previsto.

Nós entendemos que aquí se debe extremar o rigor, a exactitude, a precisión e a seriedade política e que polo tanto se tomen todas as medidas precisas para que o convenio se cumpra na súa literalidade e tamén os orzamentos se axusten correctamente os proxectos que foron adxudicados.

Esta chamada de atención é unha precaución porque normalmente este tipo de obras, se non son seguidas con moito rigor, podemos encontrar que teñan un crecemento exporencial que poña á Corporación nun enorme risco e á facenda municipal indiscutiblemente nun prexuízo moi grave. Polo tanto nós aludimos neste acordo que se cumpra o convenio e o anexo para a execución dos proxectos de humanización do entorno á Praza de Compostela e a humanización do entorno á rúa de Urzáiz.

Agardabamos, tamén hai que o confesar, que a explicación do goberno ó responder esta moción fose unha especie de dación de contas política e unha información á cidade do estado actual das obras e das previsións que para cumprir co seu financiamento ten o goberno. Quedaríamos moi satisfeitos se realmente estas previsións se cumprisen na súa literalidade. Moitas gracias.

SR. FIGUEROA VILA: Vou intervir eu porque estiven nas conversas cando se asinaron os anexos e nas reunións da Xunta de Voceiros. Primeiramente quero agradecer o magnífico traballo do compañeiro Xosé Manuel Iglesias que segue a pé de obra, diariamente, os proxectos e as reformas que se están producindo en beirarrúas da nosa cidade pero, como eu estiven presente nesas conversas e sei como se iniciou todo o proceso, creo que ó final, Sr. Barros, o convenio estase cumprindo na súa literalidade o que pasa é que pode haber matizacións por parte de todos.

Eu leolle as estipulacións do anexo: "Ambas partes acordan que á vista dos informes emitidos pola comisión de seguimento prevista na estipulación 3ª do convenio, as actuacións a realizar no ámbito do convenio serán as seguintes: humanización en torno á Praza de Compostela; humanización do entorno á rúas Urzáiz, incluíndo os seguintes ámbitos: rúa Cervantes, rúa Uruguay, rúa Hernán Cortés e Luis Braille, rúa Magallanes, rúa Colón entre Uruguay e Policarpo Sáenz, rúa Manuel Núñez e rúa Gil". Aquí ven o punto importante que é o terceiro: "O Consorcio adxudicará inicialmente as obras correspondentes á humanización do entorno á Praza de Compostela e das rúas Cervantes e Uruguay". Están adxudicadas todas, non só estas senon que as de Colón tamén.

"E unha vez coñecidos os importes das ditas actuacións procederáse á adxudicación das restantes ata un investimento máximo total de 9 millóns de euros". Quere dicir que hai unhas prioridades, cando se esgoten os nove millóns de euros, rematan as obras con referencia a este convenio e haberá

que buscar financiamento por outro lado, está perfectamente definido e claro.

O entorno da Praza de Compostela está adxudicado; a rúa Cervantes: penso que se vai adxudicar no próximo comité executivo que temos mañá porque é a única obra que está pendente; rúa Uruguay: está adxudicada. Fallan Hernán Cortés, Luis Braille, Magallanes, Manuel Núñez e Gil. Colón entre Uruguay e Policarpo Sanz tamén está adxudicado.

Cando teñamos os número definitivos saberemos ata onde chega o importe total, se hai algún saldo pendente, se se pode adxudicar algunha obra máis e haberá que adaptar eses proxectos.

A maiores dende o Goberno se están a dar mostras de xestións con outras administracións porque no entorno destas rúas está en marcha Velázquez Moreno que está adxudicada pola Deputación; Alfonso XIII tamén adxudicada pola Deputación e en marcha. Non estaban dentro destes proxectos pero se incluíron a maiores porque o Goberno tomou a decisión de que todas as rúas cara ó mar, de Urzáiz cara abaixo, telas totalmente rematadas.

Outra cuestión importante é que nós non queremos un Vigo cutre e xa o dixo a Alcaldesa, danos igual a crítica política que vostedes fagan. Queremos que as rúas da nosa cidade teñan a mellor calidade posible porque xa está ben de facer reformas cativas. Non queremos ese modelo de cidade e se nalgún momento determinado consideramos que hai que facer algunha modificación do proxecto porque sabemos que vai a mellorar a calidade dos materiais, a estética ou calquera outra demanda que se poida presentar, ímolo facer.

A proba disto é que os primeiros que tivemos a valentía de poñer en marcha este proxecto foi este Goberno, iso está perfectamente claro e a idea está aí. En segundo lugar hai unha aceptación xeralizada da cidadanía e mesmo diría que de todas aquelas persoas que nun momento determinado puideron estar en contra, hai un alto grao de satisfacción e de aceptación porque xa non é dicir que queda ben, é que a xente está mirando a transformación da nosa cidade nese proxecto.

É un proxecto de cidade que transforma a fisonomía e o modo de vida da nosa cidade, onde se da maior calidade de vida ós cidadáns. A maiores disto tamén se gardou a estética e o deseño. Cando falabamos doutras cidades sempre puñamos o exemplo de Oviedo, de León, agora Xixón, etc. e iste é o xeito de facer. Iste é o exemplo que damos do noso xeito de gobernar.

Tamén se incluíu o soterramento de todos contedores porque consideramos que tiñamos cometido un erro en Urzáiz e non só iso, senón que isto fainos ver

que todas as reformas que se están a facer a día de hoxe na nosa cidade son necesarias. Non tería ningunha lóxica que se en Urzáiz xa se cometeu un erro non voltemos cometelo.

Coido que se está cumprindo literalmente este convenio e o que temos que facer a partir daí é ver se para estas rúas de Hernán Cortés, Luis Braille, Magallanes, Manuel Núñez e Gil, queda algún saldo pendente a partir de que se pechen os números e senón xa adiantamos para que queden tranquilos os cidadáns que imos seguir facéndoas co convenio coa Deputación. Sabemos que temos unha cantidade fixa a partir de xaneiro do ano que ven, no orzamento da Deputación hai consignados xa trescentos millóns de pesetas, o que é outro logro deste Goberno e da xestión tanto do presidente da Deputación como das persoas que forman o equipo de Goberno da Deputación.

Tamén é certo que o Sr. Toba presentou unha moción no seu día pero non pasa absolutamente nada, o importante é que para a cidade veña a maior cantidade de cartos posible doutras administracións.

Ós veciños das rúas Hernán Cortes, Luis Braille, Magallanes, Manuel Núñez e Gil dicirlles que ó rematar estas obras iniciárase o proceso de reforma desas rúas porque nós queremos cumprir co convenio na súa literalidade pero os cartos son os que son.

Imos seguir mellorando todas as rúas da nosa cidade, estamos totalmente convencidos de que a partir aquí vaise producir unha transformación ata a Praza de España, no contorno do Corte Inglés, Venezuela, etc., ise é o proxecto de futuro da nosa cidade e coido que o temos que asumir todos porque parece que ás veces o discurso queda só no contorno da Praza de Compostela é iso é falso, non existe ese discurso único. Hai unha remodelación importante de moitas rúas da nosa cidade: Travesía de Vigo xa se adxudicou e comezarán as obras pronto; González Sierra está totalmente levantada e tamén é unha xestión deste Goberno; a rúa Tui e máis obras por preto de dous millóns de euros que están previstas para a zona de Coia de melloras de beirarrúas, asfaltados, etc.

Isto non é un problema só de flores, as flores van a maiores porque ó final é un problema de estética. Cando vostede se pon un traxe e unha boa camisa, fáltalle a gravata; as flores son o símil do que pode ser a gravata nun traxe e no equipamento dunha persoa á hora de se vestir. É fácil dicir que a Alcaldesa só pon flores na nosa cidade; á parte diso ningún goberno foi quen de facer a transformación do centro desta cidade e aí está, é un exemplo a seguir.

É certo que se comezou por outras zonas, que no Calvario se comezou unha transformación, pois nós temos que continuar e o máis importante coido que é o pulso da opinión pública porque nós, os representantes do pobo, estamos aquí pola apreziación que teñen os cidadáns que nos poñen en maior ou menor número de concelleiros segundo perciban que as cousas se fan ben ou mal. Estamos totalmente seguros de que se mañá se fai unha enquisa sobre a transformación que se está a producir nestas rúas da cidade a aceptación é maioritaria e senón fagamos un exame entre nós mesmos, entre as persoas que consultemos nesas zonas e preguntémoslles se están satisfeitas co que alí se está a facer.

É certo que hai que buscar alternativas ós aparcadoiros e para iso está o plan de aparcadoiros, etc. Como antes dicía o Sr. López-Chaves nós levamos un ano e medio neste Goberno e nese tempo hai moitísimos proxectos en marcha, nón só istos, por exemplo o tema do auditorio que hoxe se van abrir as plicas e moitos máis, non vou facer o reconto. Antes dicía o Sr. López-Chaves que en vintecinco anos se fixeran tres escolas infantís e eu remato dicindo que nun ano e medio nós xa teemos unha totalmente feita, outra en marcha e a terceira que xa hai compromiso. A diferenza é que en vintecinco anos tres e nós en ano e medio dúas e unha en proceso de concreción. Coido que os resultados empezan ser satisfactorios.

Se me di que seguramente cos nove millós de euros podíamos facer dúas rúas máis en detrimento da calidade das rúas que agora se están a levantar eu dígolle que non estamos de acordo porque queremos que o que se faga, se faga ben, con calidade e cun deseño e estética para que aquelas persoas que nos visitan teñan un bo concepto da nosa cidade.

Moitas veces a economía non se mide única e exclusivamente polo desenvolvemento económico, social e empresarial que poida ter unha cidade, tamén se mide polo turismo, polas persoas que nos visitan, porque o comercio medre, porque cada día hai máis locais que se están a instalar nesa zona e iso é economía importante para a nosa cidade e nós apostamos por iso.

Apostamos por unha transformación total, na medida das posibilidades económicas que teñamos para ir investindo cada ano. O que si temos claro e díxose aquí moitas veces aínda que agora esqueceuse ese discurso de que este Goberno non ten proxectos, non ten ideas novas. Pois si que os ten, proxectos, ideas novas e ideas ambiciosas, o único que nos falla é o financiamento pero para iso estamos tentando acadala doutras administracións, para iso mandouse un documento extenso con todos os

proxectos ó goberno da Xunta de Galicia para que os incluan nos orzamentos do 2006, para iso se mandou ó Goberno Central un documento tamén moi extenso coas necesidades da nosa cidade para os próximos anos. Non queremos que nos incluan todo no 2006 pero si que saiban cales son as prioridades e necesidades que ten a nosa cidade.

Nós imos seguir ese guión e xa adianto que o próximo proxecto que presentemos vai ser de remodelación total na mesma liña ata a Praza de España, Travesas e Travesía de Vigo que como saben o remate desa obra, que é un compromiso do ano 2002, xa ía nesa última modificación de crédito e, como xa dixemos no último Pleno, adiantamos que na presentación do orzamento houbo unha modificación de crédito que se rexeitou e isa vai ser a base dos nosos investimentos.

Aí se contemplaban investimentos en todas as parroquias da nosa cidade aínda que seguramente haberá que matizar algunha máis; o presidente da Asociación de veciños de Candeán, aquí presente, tiña algunha petición pero non se preocupe que vai quedar contemplada, hai que o matizar pero isa é a base do orzamento.

Deume a oportunidade de facer unha intervención extensa facendo un resumo moi por riba porque poderíamos falar de moitas máis cuestións, Sr. Barros. Cando un está no Goberno, síntese satisfeito, preséntanlle unha moción coma ista e danlle a oportunidade de se explicar, vostede que é unha persoa que sempre defendeu as intervencións e manifestacións plenarias porque considera que é a esencia da democracia, ten que o entender.

Para rematar con respecto á moción dicir que se está acumpir, estean totalmente tranquilos e imos seguir co remate destas obras. Se a algún veciño destas zonas lle queda algunha dúbida nós imos buscar o financiamento doutras administracións. Se vostedes tiveran a ben aprobar os orzamentos, non se preocupen que xa irán contempladas nos orzamentos.

SR. SOTO FERREIRO: Non confundan ás flores cos abrochos porque hai matices importantes e polo tanto esa sesión de botafumeiro ten razóns obxectivas nalgún sentido, pero xa teño dito nalgunhas ocasións que a súas xestións coa Deputación (seguramente que a súa man está aí) teñen sido positivas como anteriormente non tiña sido ningunha, as cousas son coma son. Pero daí a ese autobombo e esa complacenza polas xestións que están a facer déixeme dicirlle que en moitos aspectos as xestións parécenme manifestamente mellorables e que se vostedes están aí é porque pasou o que pasou e punto.

SR. TOBA GIRON: Dicia o Sr. Figueroa que lle deron a oportunidade; non, tomouna que é cousa ben distinta, de tal xeito que sinceramente estou impresionado, non sei se me cambiei de ano e xa estamos no 2007 e o Sr. Figueroa estase a dirixir a un auditorio distinto do Pleno, cal é un auditorio de campaña electoral.

Independentemente de lle agradecer a referencia a aquela emenda no Pleno da Deputación, coido que o que pretende a proposta dos compañeiros do Partido Socialista vai nun sentido absolutamente contrario, mellor dito, non ten absolutamente nada que ver co que vostede falou.

Entendo que a moción que presenta o Grupo municipal Socialista ten que ver coa demanda de rigor na execución das partidas orzamentarias no seu día plasmadas no convenio do 19 de abril de 2004. Temos que anunciar xa que, como ben se sabe, votamos en contra daquel convenio porque dixemos algo que agora outras persoas no Pleno sucintamente expresan pero nós fixémolo con toda evidencia: quen paga ese convenio é a facenda municipal.

Isto estaba clarísimo cando se puxo enriba da mesa aquel convenio e nós solicitamos naquel intre non aprobar ese convenio porque en primeiro lugar os que pagabamos eramos nós e qué sentido tiña conveniar nada co Consorcio que sinxelamente se apuntaba a saír na foto da inauguración sen poñer nin un euro. Vaia convenio.

Por certo, Sr. Figueroa, nada que ver coa proposta que eu presentei na Deputación que o que propoñía non era conveniar coa Deputación poñer nós os cartos e que o presidente Louzán viñera aquí a inaugurar, senón que por unha vez, por primeira vez, houbera un convenio serio coa cidade de Vigo que a Deputación sustentara economicamente.

O convenio famoso que vostedes aprobaron o 19 de abril ía en sentido absoluta e rotundamente contrario e estase a executar, estamos a ver as obras, pero ¿estase a executar na substancia do convenio ou estase financiando xa ese convenio con cargo ó capítulo VII dos orzamentos municipais?

Lembran que aquel convenio contemplaba un mecanismo extremadamente complicado que tiña que ver con que non se pagaban determinados impostos. Pode ser pero nós xa vimos unha partida nos orzamentos do 2005, capítulo VII, para pagar ese convenio e tamén outra partida para o pagar na modificación de crédito discutida hai quince días neste Pleno.

E digo máis, dende esa perspectiva parécenos ben. Unha vez cometida a equivocación de poñer nós os cartos e que o Consorcio da Zona Franca non poña absolutamente nada, é moito mellor sustentalo contra o capítulo VII.

En canto ó cumprimento do "convenio", entre outras porque como convenio non é, di o Sr. Figueroa que vai necesitar máis financiamento para completar as obras. Esperamos que a busquen pero pola vía de convenios froitíferos para o pobo de Vigo porque convenios coma aquel do 19 de abril sinceramente mellor que non, quédense quietos, non busquen máis convenios así porque ademais sentan precedentes absolutamente malos en relación co Consorcio da Zona Franca como xa lles expresei daquela.

Non imos votar favorablemente a súa moción, Sr. Barros, por razóns obvias. Vostede propón na súa moción que se cumpra o convenio e a nós gustaríanos que ese convenio se borrara mesmo das memorias desta Corporación. Si que nos gustará que se fagan as obras pero non podemos apostar pola execución dun convenio que é malo para a facenda municipal, que foi unha pésima negociación e que nunca debeu aprobar este Pleno.

SR. BARROS PUENTE: Sr. Figueroa, realmente nada máis coñecelo, neste Pleno, perfileilo e tiveron a sensación de que se trataba dun auténtico atleta político e as súas vigorosas actuacións realmente o confirman. Talmente que vostede tomou espinacas esta fin de semana e agora bátenos en todas as fazulas.

Bromas á parte, este Goberno fai algo pola xenerosidade desta maioría e se realmente esta maioría tivese moi claros os seus fins políticos e tamén os límites da coalición, vostede non nos avergoñaba coa súa insolencia política e chamo insolencia á propaganda pura e dura, abrindo a campaña electoral a case dezoito meses aínda da súa convocatoria formal.

Estenderse de xeito propagandístico, propagando as grandes actuacións deste goberno cuxo financiamento é estrictamente da facenda municipal, reformadas, maquilladas cun convenio coa Zona Franca, que nese caso o Bloque Nacionalista Galego non quixo votar, e este partido que lle fai hoxe unha modesta consideración mírase avergoñado cun discurso de propaganda electoral, francamente non nolo merecemos.

Saiba vostede que eu vou loitar denodadamente no meu partido, na opinión pública e na coalición para que se recuperen clarisimamente os obxectivos políticos que ten unha maioría fronte a unha minoría. Se esta coalición non fose vítima dun mal que nós non coñecemos, que tememos moito e que dende logo é terriblemente perigoso para o equilibrio da democracia en Galicia, se non reflexiona esta maioría terá na súa propaganda xusto castigo como diría o difunto Leri á nosa cruel perversidade.

Vostede está anunciado nun programa absolutamente non só descocado, senón que claramente provocador: arranxamos isto, imos ata a Praza de España, imos reformar todo o rural... ímoslle pedir a esta oposición ou a esta maioría, nós somos hoxe unha maioría xenerosa, non somos unha oposición política porque a maioría goberna, é un axioma elemental na democracia, e a minoría oponse, se polas razóns que fosen, porque pasou o que pasou, esta coalición non goberna hoxe, a pesar de todo non lle vai tolerar a súa insolencia política.

Quérolle facer unha consideración de calendario: a súa precipitación é un xesto sobrado que non se merecía esta inocente moción. Dígolle isto porque a moción de censura continuará sendo un arma disuasoria ata que o prazo legal se cumpra e durante ese tempo a súa medida debía contelo porque vostede está baixo o alcance político dunha moción de censura, que é un acto elemental, puramente político que ten de residenciar ó poder municipal onde corresponde.

Saiba vostede que dos proxectos dos que fala, este concelleiro que tamén o foi de Vías e Obras coma o Sr. Iglesias, coñece que estaban nese departamento perfectamente apilados, non ten absolutamente ningún mérito, mesmo o sentimento deste partido político permitiúlles a vostedes a aprobación dos orzamentos e logo subscribir ese convenio que eu estou perfectamente de acordo como xa dixen antes que en todo caso é supérfluo dado que este mesmo convenio se tivese feito probablemente nunha operación cunha entidade bancaria, ou con dúas, ou cun crédito sindical, non o sei, dende logo hai mil fórmulas.

O Consorcio da Zona Franca non fai absolutamente nada por Vigo e vostedes pretenden capitalizar que isto é un grande mérito de xestión política. Isto é un grande mérito da paciencia benedictina desta maioría que se senta hoxe curiosa e contradictoriamente nas bancadas da oposición.

Finalmente quero lembrar a vostede que se volve concorrir a este Pleno municipal dicindo que no seu programa de proganda figura agora a remodelación de todo Vigo, tereille que lembrar que as prioridades políticas seguen sendo obxecto de diferencias fundamentais.

Vostede fala dun embelecemento que non lle priva nin da gravata, nin siquiera do adorno das flores. Eu dígolle que se se aplicasen con igual contundencia a solucionar o problema dos ciclos da auga e sobre todo da depuradora, nós estaríamos máis felices e non negamos, como vostede sabe, o noso concurso.

Este goberno que tanto presume inaugurou sen rebozo ningún e sen sequera facer a consideración do seu recoñecemento a obra do aparcadoiro de Urzáiz ou do segundo cinto, meritorias xestións de gobernos que nos precederon. Asistíu este goberno á coroación da obra do túnel de Beiramar, capitalizando absolutamente como se fose xestión milagreira dun goberno que en ano e medio miren vostedes todo o que fixo.

O segundo cinto, aparcadoiro de Urzáiz, Beiramar, arranxar Vigo por dentro e por fora e acaba de propoñer que o rural tampouco dará problemas incluída a alusión ó de Beade. Isa política que toma esa forma de insolencia é posible pola paciencia, pola desidia e pola falla de responsabilidade da coalición que vostedes teñen en fronte. Coalición que ten que facer unha dura reflexión autocrítica acerca do que significa este abandono da cidade de Vigo a un partido declarado en minoría por sucesivas confrontacións electorais e que neste momento non debía estar gobernando a cidade.

Pero iso é culpa desa autocrítica que nos faremos sen medida e sen dor pero non se atribua a méritos propios o que son erros alleos.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Barros, no que eu dixen na miña intervención non estamos facendo ningún tipo de propaganda, estou mencionando realidades, feitos obxectivos que os pode comprobar calquera dos que estamos aquí e os medios de comunicación, que se recolla a miña intervención, eu non fixen ningún acto propagandístico, só dixen o que estamos a facer neste goberno. Se nós tivemos a sorte de chegar a este goberno pola súa falla de entendemento e saber facer as cousas ben, é o que temos na nosa responsabilidade política, coido que non lle ten que amolar a ninguén. ¿Moléstalle que este goberno estea acertando, que teña proxectos de cidade, que estea a cumprir proxectos importantes para a nosa cidade? Vostede o que dixo claramente aquí e segundo a miña percepción foi: amigos do BNG e do Partido Socialista, coidado que hai un goberno do Partido Popular que hai que os botar porque o están o facer francamente ben. Iso é o que dixo entre liñas.

Eu quero trasladar ese toque de atención ós cidadáns: coidado que hai un señor que di que hai que facer unha moción de censura porque o Partido Popular está a facelo ben na cidade de Vigo. Iso é moi grave, Sr. Barros, vostede que é un político experto ven de cometer un erro brutal, en primeiro lugar por trasladar esa mensaxe á cidadanía e en segundo lugar porque hoxe tivo a oportunidade de trasladar esa mensaxe pero ó mellor noutros foros non lle fan caso.

Os problemas que teña vostede a nivel interno serán problemas que teña que resolver co seu grupo, coa súa coalición, de futuro ou non, iso non nos preocupa. O que si nos preocupa é a súa primeira mensaxe porque que un representante do Partido Socialista, co número dous da súa lista, diga nun Pleno da Corporación que hai que facer unha moción de censura porque o Partido Popular en Vigo está a facelo francamente ben é moi grave.

Iso é o que entendemos dende estas fileiras os dez compañeiros que estamos aquí e polo tanto o que hai que dicir ós demais compañeiros é que temos que seguir traballando na mesma liña porque temos un proxecto importante, porque acertamos co proxecto que temos e os cidadáns empezan a percibir que se están facendo as cousas con absoluta normalidade e ben nesta cidade.

Iso é o que eu lle quixen trasladar, Sr. Barros. Levamos un ano e medio neste goberno e seguramente poderemos facer moitas cousas e pódese mellorar moito a nosa xestión. Por suposto que sempre se pode mellorar pero o que está claro é que o que estamos a facer non nolo quita ninguén.

É certo que a transformación da cidade se está a producir, é certo que ó mellor algún goberno xa iniciara algunha parte da cidade, non o discutimos, pero ¿cómo pode falar do aparcadoiro de Urzáiz? Non ten nin idea deste tema, os aparcadoiros de Urzáiz e Independencia adxudicáronse cos seus votos en contra, adxudicounos o Partido Popular no ano 97, gústelle ou non. O segundo cinto é certo que se iniciou co Bloque Nacionalista Galego e nós votamos a favor; en Madrid fixéronse as xestións cun goberno do Partido Popular e iso pasa en cantidade de obras. O que está claro é que o auditorio desbloqueouno este goberno ademais con todas as trabas que puxeron vostedes, podemos lembrar as manifestacións dalgúns dos seus concelleiros e as trabas, os informes que fixeron na Zona Franca que houbo que saltar oitentamil obstáculos para hoxe abrir a oferta administrativa. Temos que estar orgullosos no Partido Popular de hoxe, á unha da tarde, ser quen de abrir unhas plicas dunha presentación dun proxecto de máis de cen millóns de euros. ¿Cómo non o imos dicir? A Sra. Alcaldesa tivo que facer xestións, moitas chamadas telefónicas e superar moitos obstáculos diarios, de informes de avogados do Estado, etc.

Tamén é certo que vostedes axudaron a aprobar os orzamentos pero será porque consideraron que era bo para a cidade. ¿Estan agora a botarnos en cara que nos deron a súa abstención para aprobar os orzamentos? Supoño que analizarían a súa rendabilidade política nese momento e ó mellor a tiveron nalgunhas eleccións porque os cidadáns son moi intelixentes, non só os que fan as cousas e levan a cabo o proxecto reciben o apoio dos cidadáns; ó

mellor aqueles que teñen unha actitude correcta durante un mandato tamén reciben o seu apoio porque ese apoio non só se recibe gobernando, ó mellor a un traballo positivo e constructivo dende a oposición tamén pode entenderse que os cidadáns dean o seu apoio nun momento determinado.

Sr. Barros coido que hoxe trabucou o discurso neste Pleno, non sei cal é o seu problema se é que ten algún pero trasladou unha mensaxe de partido a nivel interno. Vostedes teñen que facer o que consideren oportuno, se coidan que teñen que facer a moción é o seu problema e non o noso. O noso obxectivo é gobernar nesta cidade e estámolo a facer con criterio, con responsabilidade, con proxectos e con coherencia e loxicamente con diálogo e consenso.

A diferenza entre o Partido Socialista e o noso, e vou diferenciar porque non quero mesturar a toda a oposición, é que non entenderon que tiñan oito concelleiros de vintese e nós entendemos que temos dez tamén de vintese, isa é a única diferenza, a mensaxe política clave desta Corporación. Pensaron que tiñan sete concelleiros ós que podían orientar como vostedes quixeran e pasou o que pasou pero pola súa culpa e non pola nostra.

Nós sabemos que temos dez de vintese e que temos que dialogar, que consensuar e buscar o máximo apoio posible para quitar os temas adiante e é o que estamos a facer e penso que isto venlle ben á cidade. Nós fomos quen de nos sentar con vostedes e vostedes tomaron libremente a decisión de se abster para aprobar os orzamentos, houbo unha negociación, mellor ou peor pero supoño que cando tomaron esa decisión pensaron na rendabilidade política que tiñan ou pensaron que tiñan que ser unha oposición constructiva. Nós non lle pediamos que fixeran esa gran favor político, fixérono porque consideraron que era o mellor para o ben da cidade como hai outro grupo que aprobou inicialmente o Plan Xeral. Isa é a diferenza.

Vostede ten dous concelleiros menos que nós polo tanto nós somos a lista máis votada desta Corporación, somos o partido que gañou as eleccións, gústelle ou non, polo tanto temos o lexítimo dereito a poder gobernar esta cidade, estamos aquí porque a cidade quixo que gobernásenos. Vostedes buscaron apoios e repito que non entenderon a mensaxe da cidadanía que lles dixo que tiñan oito concelleiros e tiñan que pactar con sete máis, e se queren con dous máis, para poderen gobernar esta cidade. Cando buscaron o apoio deses concelleiros cesáronos a todos. Nós non os cesamos senón que foron vostedes.

Nós estamos gobernando lexitimamente e imos seguir facéndoos ata que a Corporación queira. Ise é o noso obxectivo e non estamos a pensar en mocións, se queren facela, fágana, é o seu problema. Non nos teñen que trasladar a nós aquí o debate de se é posible ou non, esa é unha responsabilidade que teñen vostedes e terán que facer o que estimen oportuno. O que non lle imos permitir baixo ningún concepto é que vostede diga como dixo hoxe aquí que hai que botar ó Partido Popular do goberno da cidade de Vigo porque o está a facer francamente ben e pódese consolidar.

Sr. Barros, é un erro político tan grave o que cometeu hoxe pese a súa experiencia que estou convencido, dígollo como unha opinión, que a súa intervención de hoxe aquí vaille pasar factura política porque é unha intervención gravísima dunha persoa experta e dun concelleiro da Corporación da cidade de Vigo.

¿Cómo alguén pode dicir que hai que facer unha moción de censura porque hai un partido que o está a facer francamente ben e está conectando coa cidadanía? Coido que cando se fai unha moción de censura é por todo o contrario, faise cando non hai un proxecto de cidade, cando un grupo vai en desbandada, cando non hai unidade, cando non se acerta co proxecto, non se conecta coa cidade e hai unha maioría que presenta unha alternativa seria. Iso é o que eu entendo por unha moción de censura que se fai cando hai temas de excepcionalidade ou gravidade que se prestan a iso pero non por unha situación política.

Eu non sei se vostede está nervioso porque ó mellor mirou a oportunidade da súa vida de ser alcalde desta cidade e agora parece que dentro do seu propio partido as liñas van por outro lado. Non sei se o trabucou hoxe o nomeamento dalgunha outra persoa nun cargo importante da nosa cidade, non o sei, é o que din os medios de comunicación.

Pediríalle que a última intervención que fixo procurase retirala.

SR. SOTO FERREIRO: Postos a retirar, Sr. Figueroa debera non ter dito a súa última declaración

SR. FIGUEROA VILA: Retiro a última parte da miña intervención, Sr. Soto, ten razón, pero ás veces un non pode entender certas cuestións.

SR. SOTO FERREIRO: Mala cousa é que se confundan os fins cos medios, os obxectivos cos desexos, porque vostedes mesturan todo de mala maneira.

Cando eu ante mordín a língua unha vez máis e dixeran que aquí pasou o que pasou e cando lles dixeran que non confundan as flores cos abrochos estaba a darlles unha mensaxe para que se era posible non seguiran por ese camiño.

Sr. Figueroa vostede cando fala hoxe parece como se falara ó redor dun proxecto único posible, o mellor de todos ou algo polo estilo. Pois déixeme dicirlle que nós non estamos de acordo con boa parte da política que están vostedes a desenvolver e que temos mordido a língua conscentemente de que ó único a que non imos apostar nunca dende o Partido Galeguista é ó desgobierno.

Non vou entrar nestas historias e teño moi claras as razóns pero cando por desventura a situación deste Concello, fundamentalmente por desventura, chegou onde chegou vostede non debe tentar de se apropiiar dese xeito da responsabilidade dos demais, eu síntome atrapado nas súas palabras nesa responsabilidade cando os demais votamos para que nesta cidade se fagan cousas, mesmo algunhas que non nos gustan, temos outra orde de prioridades no Partido Galeguista radicalmente diferente á que teñen vostedes e vou expoñer algunhas cousas.

Nón non fariamos Vigo 2005, fariamos un Vigo apostando fundamentalmente polo rural, cousa que vostedes non fan, por exemplo declaro que non aplaudo o do centro porque eu non faría iso. Estou a lle dicir diferencias e eu votei a favor de Vigo 2005 pero eu nunca inspiraría iso. Nunca inspiraría o Plan Xeral que están presentando vostedes e se as negociacións seguen polo camiño que van, tamén estamos disposto a lles votar a favor.

Non pretenda confundir á opinión pública e nos meta no seu pensamento porque iso é falso; métanos coma partido político aínda pequeno e emerxente pero duramente responsable, asumindo as responsabilidades de axudar a gobernar en función dos intereses dos cidadáns, non en función de intereses pura e meramente partidistas que nos da rubor e vergoña ver como se utilizan nesta Corporación decote e nese sentido lamentablemente teño que dicir que por parte dos outros tres partidos.

Nós cometemos erros pero dende logo si lle aseguro que non perdemos a perspectiva de querer servir obxectivamente ós cidadáns en base ás ideas que temos e cando estas ideas non son posibles, como se da abondo nesta Corporación, tentamos axudar lealmente a que se fagan cousas mellor que a que non se faga nada.

Se quere lle digo qué tipo de servizos non hai no rural, servizos que ten boa parte do centro de Vigo, por citar algún por exemplo escolas infantís. Cando vostedes sen ningún rigor histórico falan de que imos facer tres

agora e antes non había, entre outras cousas porque antes non había ensinanza preescolar, non existía. Vostedes fan mensaxes de botafumeiro político intolerables, trasladando fóra de lugar e de contexto as situacións das que falan.

Nós discrepamos radicalmente da súa intervención de fondo, discrepamos de moitas das cousas que vostedes fan e temos votado a favor, repítollo para que o entendan os cidadáns e imos seguir facéndoo se non hai outra alternativa que nos pareza máis coherente e cando a haxa, se é que aparecen, tamén as votaremos. Refírome a alternativas de facer cousas e non que se una un grupo con iste ou co outro.

Vostede ten razón nun sentido: que esta situación dase polo desencontro entre o Partido Socialista e o Bloque. ¿Vostede pretende crer que o Partido Socialista ou o Bloque teñen as mesmas ideas que o Partido Popular para lle permitir gobernar e facer cousas? Por favor, dende logo que o Partido Galeguista non pensa como vostedes politicamente, non o confundan, se quere facemos un Pleno monográfico para lle dar detalles de qué proxectos poríamos nós enriba da mesa por diante dos que vostedes teñen posto.

Se vostede sae dese xeito e con ese botafumeiro, obrigoume a dicirlle que non confunda á opinión pública pensando que todos estamos aquí co botafumeiro porque non é así.

SR. TOBA GIRÓN: Non tiña pensado intervir neste tema nunha segunda ocasión porque a posición do noso grupo está manifestamente expresa a respecto precisamente do famoso convenio que era en si mesmo a propia orixe desta moción, pero á vista do sesgo que está a tomar o debate si é necesario apuntar cando menos algúns aspectos.

Está ardendo demasiado incienso, Sr. Figueroa, as cousas non son así. Unha mostra de que Vigo pode ser gobernado mellor é precisamente este convenio que agora discutimos. Vigo pode gobernarse mellor discutindo convenios que realmente favorezan á cidade e non coma iste do que hoxe falamos que non é máis que un subterfuxio para quitar cartos da facenda local por unha vía mal prevista e que, insisto, trouxo consigo o asentamento de posicións do Consorcio de Zona Franca a respecto de investimentos que hai que realizar nesta cidade.

Nunca se debeu dar ese paso que se adoptou aquí no seu día e que debía ter sido substituído por un posicionamento rotundamente distinto. Lamentablemente a Corporación, e digo Corporación porque o convenio a fin de contas aprobouse por todos os grupos agás o noso pero non entendan isto

como querer escapar de responsabilidades, nese sentido nós tamén somos a Corporación, pero foi unha equivocación que amosa que Vigo pode ser gobernado dun xeito distinto.

O longo dos últimos tempos o que si vemos os que estamos na dirección desta cidade é que hai moitas cousas que foron botafumeiro e se mo permite botafumeiro partidario, Sr. Figueroa, dito dun xeito tranquilo, repousado pero evidente.

¿Onde quedaron os acordos que vostedes instaron para un asunto tan crucial para a cidade como o hospital de referencia, aqueles acordos que vostedes trouxeron a Pleno inmediatamente antes das eleccións autonómicas e que naquel intre nós xa dicíamos que non era máis que botafumeiro? Púxose de manifesto que era botafumeiro.

¿E aqueles outros taboleiros que vostedes mesmos construíron ó redor da cidade da Xustiza e que agora descubre o Sr. Méndez Romeu e abráianos a todos e todas? Aínda que nós xa tiñamos a sospeita de que sinxelamente van ser uns paneis pintados e que non había proxecto nin farrapos de gaita. Isas son as cousas que importan a esta cidade na que, por certo, o goberno do Partido Popular manifestou unha proclividade exclusivamente partidaria en aras dun probable triunfo nas eleccións autonómicas máis que na toma de decisións tranquila e repousada que puidera impulsar eses proxectos.

Por casualidade teño aquí unha fotocopia sobre iso que a Sra. Presidenta chama a "Festa do mar" da Volvo e pasáronse vostedes un ano sen saber o que representaba esa festa para a cidade de Vigo porque se o coñecían e calaron, peor. Eu o que demostro é que coñezo a programación que había e se vostede non a coñecía perdoe que lle diga que entón o pecado é de ignorancia sobre un asunto que se presenta como a festa do mar e resulta que trae consigo unha programación na que os barcos pasarán por Vigo a mil por hora e case que sen posibilidade de velos; saían de Sanxenxo ás cinco e media da tarde, chegaban aquí ás doce e pola tarde marchaban de Vigo. Iso está modificado polo director xeral de Deportes porque vostedes non se enteraron, tanto é así que nin negociaron un convenio para a Volvo. Eu teño todos os convenios negociados polo anterior goberno do Partido Popular e Sanxenxo aparece con 150.000 euros e Baiona con 145.000 euros pero Vigo non aparece.

Vigo pode ser gobernado dun xeito mellor atendendo ós auténticos proxectos que realmente importan para esta cidade. Coido que ese é o sentido da intervención do Sr. Barros, independentemente de que efectivamente e de forma ineludible teñamos que asumir dende estas bancadas a correspondente

posición autocrítico a respecto da actuación do conxunto pero si teño a convicción de que Vigo pode ser gobernado dun xeito mellor.

Voltando ó tema que coido que hai que pechar agora, anúnciolles que respecto á moción do Sr. Barros, por razóns obvias e por coherencia do noso propio grupo, ímonos abster. Queremos que efectivamente se fagan obras nesta cidade pero sinceramente seguimos pensando o mesmo e cremos que agora a convicción é maior na Corporación, quizais naquel intre non nos entenderon ou tamén é probable que nos explicásemos mal pero seguimos pensando que esa liña de "convenios" con outras institucións que só lles custan cartos á facenda local non é unha liña na que tiñamos que reincidir.

SRA. PORTEIRO GARCIA: En primeiro lugar quero agradecer a intervención do Sr. Toba coma voceiro do BNG na que anuncia un cambio de posición na votación que vai ser definitivo á hora de tratar esta moción que tan dignamente ven de defender o meu compañeiro Miguel Barros. Paréceme o máis substantivo de todo o que ven de se producir aquí pero non por iso quero deixar de lle reclamar ó voceiro do Grupo Popular o máximo respecto, a máxima consideración cando vostede se dirixa a compañeiros, dende logo de toda a Corporación, pero do Grupo municipal Socialista.

Non é a primeira vez que vostede ten que rectificar ás súas palabras. Hoxe tivemos un exemplo diso mesmo coa súa petición, que lle agradezo, de constancia na acta. Neste caso hai unha acusación "ad homine" que nos parece intolerable. Como voceira deste grupo, como representante de todos os corporativos que nel estamos, pídlle que non sega utilizando a estratexia de primeiro ofender e logo pedir a retirada das palabras porque as cousas quedan ditas.

O Sr. Barros fai un esforzo de paciencia e xenerosidade non entrando nun debate persoal que vostede lle abre porque lle convén a vostede abri-lo. Coido que por respecto á cidade e por respecto á cuestión da que estamos a falar do que se trata é de saber qué imos votar cada un de nós na cuestións que se ven de defender e que ten que ver con cómo se executa un convenio que efectivamente no seu día o noso grupo propiciou e que nos parece que cando se remate vai ser positivo para cidade e pedimos que se faga estrictamente con rigor.

Polo tanto gracias Sr. Toba polas súas palabras e ós demais voceiros que nalgún momento axudaron a levar este debate con serenidade e insisto na petición formal de que ese respecto se produza antes e non despois.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que sempre manteño o respecto a todos os compañeiros de Corporación; coido que non dixen absolutamente nada que poida afectar gravemente a ningún deles. Aquí se estivo a falar de situacións políticas, falouse de insolencia e contar a verdade do que se está a facer nun Pleno da Corporación non creo que sexa isa a cuestión.

Eu non abrín o debate que formulou o Sr. Barros de que estamos gobernando esta cidade de prestado. Negámonos a crer iso, estamos gobernando porque lexitimamente podemos facelo e así o di a normativa e as leis. Gobernamos lexitimamente porque somos a lista máis votada da cidade, iso non é unha mentira nin un engano. Estamos facendo proxectos que son realidades e que están enriba da mesa e iso non é un engano.

O Sr. Barros se quere formular algo terá que o facer dentro do seo do seu Partido, do seu grupo e acudir ós socios que considere oportuno. Parece que nos están a ameazar continuamente pero ¿de qué? A súa ameaza é permanente e subliminal, Sra. Porteiro. Nós non abrimos o debate pero si lle digo que nos imos defender sempre, primeiro na xestión e segundo nos debates políticos que se poidan producir, sempre van atopar unha resposta.

Estase a trasladar á cidadanía e ós demais compañeiros da Corporación que parece que estamos aquí por días. Levamos ano e medio e levaremos quince días, un mes, dous días máis, o que vostedes queiran porque teñen a posibilidade do facer pero imos estar coa cabeza alta, facendo proxectos, traballando polo interese xeral da cidadanía e por aquilo que consideremos importante para a cidade.

O Sr. Soto di que hai proxectos nosos que non lle convencen; evidente, temos unha filosofía de gobernar, unha forma de mirar a política distinta porque senón formariamos unha coalición todos os partidos políticos. Iso é o importante da vida política, que poida haber alternativas, modelos distintos de cidade. Nós temos o noso e vostedes terán o que consideren que deben ter en cada momento e non imos renunciar a iso baixo ningún concepto. Se a vostedes lles amola que nós poidamos dicir en voz alta o que pensamos, imos seguir decíndoo, non nos imos calar porque vostedes teñan quince concelleiros e nós dez. Imos ir coa cabeza alta e así o estamos facendo todos os días. Isa é a esencia da democracia e se a vostedes lles parece mal que se poida falar en público, en voz alta e facer reflexións de cuestións que están afectando á cidadanía...

¿Qué é o que pretendía o Sr. Barros maña? ¿Quitar un titular orientado cara ós seus intereses? Tontos non somos, ó mellor tampouco demasiado listos, pero somos persoas normais que xa sabemos de que vai isto, Sra. Porteiro, e

non imos renunciar a este debate nin a este discurso que temos baixo ningún concepto.

Con referencia ó asunto de fondo coido que foi unha magnífica xestión e vou facer a reflexión política en voz alta de por qué fixemos este convenio. Nós chegamos a un goberno no que sabiamos que tiñamos dez concelleiros e que existía a posibilidade de que non nos aprobaran ningún orzamento porque non tiñamos votos e tivemos que buscar noutras administracións a posibilidade de facer investimentos na cidade de Vigo.

Tiñamos dúas opcións: que aporten diñeiro ou que nos poidan prestar diñeiro para que, a cambio do pagamento dos impostos, poder revertir en facer obras para os cidadáns. Iso foi o que fixemos, adiantamos un financiamento sen acudir a crédito con custo cero. Iso é capacidade de xestión e de vontade política de facer cousas.

Pero o que lle importa ós cidadáns é que gracias a iso hai un investimento de 9.000.000 euros que transformou á cidade. Iso é o que parece que agora amola. ¿A vostedes gustaríalles que nós non puidesemos facer nada, que estivésemos coas mans atadas e agora ter que facer un discurso catastrofista e victimista de que por culpa da oposición non podemos facer cousas?

Non porque o que nos trae aquí a todos os que estamos é saber administrar os cartos que poñen os cidadáns nas nosas mans e nós sentímonos tremendamente satisfeitos de poder facer un investimento de mil cincocentos millóns das antigas pesetas na mellora de beirarrúas que van mellorar a calidade de vida, a fisonomía e o modelo da nosa cidade.

Se vostedes non souperon actuar politicamente é o seu problema e non o noso. A nosa obriga era tentar de facer obras, o segundo obxectivo buscar o financiamento, o terceiro que se podía ser de fóra mellor e cuarto se non era de fóra que fose da casa. Está claro.

Non se nos pode criticar por facer iso. Vostedes querían que non se fixeran as obras que necesita Vigo, que nos quedáramos tranquiliños os dez concelleiros e ós catro meses como isto non funciona hai que os botar á rúa. Non, Sra. Porteiro, Sr. Barros, Sr. Toba e Sr. Soto. Coido que está claro o que nós

fixemos e estou a explicalo en voz alta, o obxectivo importante e primordial é que vai haber 1.500.000 pesetas investidos en obras, á parte doutras melloras que se teñen que facer na cidade e que imos seguir traballando nesa liña.

Ímonos abster no fondo do tema porque aceptamos a iniciativa política da oposición, poden facer os controis políticos que estimen oportunos, pensamos que este proxecto estase cumprindo literalmente na súa esencia e conforme se vaian producindo os proxectos das novas rúas e os que agora mesmo estanse rematado, verase cal é o saldo pendente e a partir daí buscarase financiamento doutros lados ou xa propoñeremos o que consideremos oportuno dende o Goberno. Ímonos abster.

SR. SOTO FERREIRO: Esta era unha moción que realmente non debería ter problemas se non fose porque os señores do Partido Popular montaron unha andrómena que non é normal porque de súpeto ocorréuselles que había que facer botafumeiro e propaganda electoral, así de claro.

O Sr. Figueroa invoca con todo dereito a lexitimidade para gobernar. Claro, na medida en que non hai unha alternativa diferente, si, téñena toda nese sentido, por parte do Partido Galeguista o recoñecemento absoluto por se tiñan algunha dúbida, pero non esqueza o feito de que vostedes están a facer moitas cousas porque outros, responsablemente, en función do interese obxectivo da cidadanía, tragamos sapos e serpes todos os días para votar e permitirlles que fagan cousas, mesmo as que non nos gustan.

Se vostede se atribúe exclusivamente a paternidade ou a xestión desas cousas, está vostede en primeiro lugar faltando á verdade e en segundo lugar e como mínimo sendo francamente inxusto. Vostede pode falar das bondades do Partido Popular, se está nese partido é porque seguro que lle parece o mellor do mundo.

A ver se iso que din de que son conscientes de que son unha minoría o aplica antes de facer intervencións coma ista, Sr. Figueroa, que poden avergoñarnos ós demais así que dígolle a vostede e ós demais tamén que sentidiño.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Gracias por esta segunda quenda e quero tamén trasladarlle a miña preocupación pola forma que se levan estas sesións, interminables nalgún caso, onde non hai ningún tipo de regras de xogo, de intervencións, nin de tempo a utilizar polos voceiros. Paréceme ben que haxa flexibilidade, non podía ser doutro xeito; pero tamen me parece que o voceiro do Partido Popular se excede e abusa de maneira notable con esta marxe que todos lle damos polo bo funcionamento da sesión e se realmente contabilizásemos o tempo que falou vostede hoxe, monopolizou o uso da

palabra de xeito totalmente inadecuada, diría que mesmo inaceptable porque insistiu sempre nos mesmos argumento de descalificación, Sr. Figueroa.

Para rematar, por máis ruído que se meta no discurso o cidadán e a cidadá que vexa este Pleno a través dos medios de comunicación, sobre todo aqueles que os poñen na súa integridade, sabe debullar moi ben o grao da palla, sabe que a cidade de Vigo foi o escenario político preferido polo Partido Popular para facer campaña e propaganda electoral indiscriminada dende hai un ano e medio, sabe que a meirande parte das promesas que se fixeron non se cumpriron, sabe tamén quen insulta ou quen descalifica sen máis e quen traballa con bastante espírito de sacrificio.

Como todas esas cousas se saben ó final non se trata de que nós veñamos aquí a lembrar o que é evidente. O diálogo e o consenso é algo máis que unha palabra que se expresa, é algo que se ten que ver e se ten que materializar tamén na actitude e no xeito de se relacionar cos outros grupos. Dende a insolencia, Sr. Figueroa, de verdade que non hai diálogo nin hai consenso.

En todo caso insisto en que o debate de fondo desta moción non se tratou convenientemente se cadra porque non falou del quen sabe de verdade do asunto que é o Sr. concelleiro de Vías e Obras que asistiu, non sei se cómodo ou incómodo, non quero meterme niso, ó desenvolvemento desta sesión pero non tivemos ocasión de coñecer a súa postura. Si a súa sobre moitas outras cousas pero escasamente sobre o fondo da cuestión.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dez votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Caballero Miguez, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e Soto Ferreiro, e dezaseis abstencións dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Barros Puente, instando o cumprimento do convenio e anexo "Programa Vigo 2005" para execución de proxectos na Praza de Compostela e rúa Urzáiz, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (218).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á NECESIDADE DE COORDINACIÓN DOS CENTROS DE INVESTIGACIÓN MARIÑA DA ÁREA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 19 de setembro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Arias Moreira, formula a seguinte moción:

"A Área urbana de Vigo goza dunha posición privilexiada en todo o relacionado coa investigación mariña. En torno a varias institucións de traxectoria científica acreditada -o Instituto Español de Oceanografía, o Instituto de Investigacións Mariñas (CSIC), a Facultade de Ciencias do Mar e CETMAR-, traballa en Vigo un número elevado de investigadores relevante nese campo, que cubre, ademais un amplísimo espectro de liñas de investigación nas ciencias mariñas. Por todo isto, pódese afirmar que constitúe un fenómeno moi singular e valioso da nosa cidade o de ser un referente da investigación mariña no conxunto de Europa.

Na actualidade está aberto un debate sobre a necesidade de reorganizar a investigación das ciencias mariñas en España, pois se observan algúns elementos de falta de coordinación entre as actividades das diferentes organizacións e institutos. Favorecer unha maior interacción e colaboración entre eles debe redundar nunha mellora nos resultados de todos. Sen interferir na necesaria autonomía dos centros é de interese xeral da cidade que todas as súas potencialidades sexan aproveitadas ao máximo.

Por todo o anterior, propónse á aprobación do pleno o seguinte moción:

Instar aos órganos responsables dos diferentes organismos que se estuden e, no seu caso, se poñan en funcionamento mecanismos de efectiva coordinación das actividades dos centros dedicados á investigación mariña na área de Vigo."

DEBATE.- SR ARIAS MOREIRA: O Grupo Municipal Socialista presenta esta moción en primeiro lugar como unha chamada de atención e para poñer en valor un feito singular realmente moi importante que se produce nesta cidade e que quizá non é suficientemente coñecido e valorado na propia cidade, que é o feito de que na cidade de Vigo se concentra un importante número de investigadores de altísimo nivel na área das ciencias mariñas.

Existen varios organismos moi recoñecidos en España e internacionalmente, por exmplo o Instituto Nacional de Oceanografía que por certo é un instituto case centenario; o Instituto de Investigacións Mariñas que pertence o CSIC; a Facultade de Ciencias do Mar e mesmo CMARC, que ademais reúnen un número de liñas de investigación que cubre practicamente todo o espectro da investigación mariña e algo do que eu creo que todos os cidadáns deberíamos sentirnos moi orgullosos.

Neste momento lanzouse un debate no conxunto de España, un proceso de renovación dos estudos de ciencias do mar en xeral e da investigación mariña porque se detectan algúns problemas de coordinación que se manifestan por algúns investigadores, polos propios responsables dos centros, unha duplicidade de liñas nalgúns casos, unha falla efectiva de especialización. O problema xa está sendo tratado noutros órganos políticos, por exemplo no Parlamento Español onde hai algunha iniciativa ó respecto e pareéenos que dado o feito sinalado en primeiro lugar, da importancia que isto ten na cidade de Vigo, como feito obxectivo dunha grante relevancia impositiva, parécenos que sería importante que o Órgano Político de Referencia na cidade se manifestara ó respecto.

Por iso propoñemos o seguinte acordo: instar ós órganos responsables dos diferentes organismos que se estuden e no seu caso se poñan en funcionamento mecanismos de efectiva coordinación das actividades dos centros adicados á investigación mariña na área de Vigo.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: En canto ó tema que propuxo o Sr. Arias, estamos totalmente de acordo pero pódolle dicir que entre eles están colaborando moito. Entre Investigacións e Ciencias Mariñas están facendo proxectos en conxunto, o problema é que un depende dun órgano e outro doutro , que penso que é ó que vostede se quere referir, pero entre eles hai bastante colaboración.

Estamos totalmente de acordo co que vostede dí porque cremos que debería haber máis e non se atopar que cando uns queren facer algo, mesmo non nomeou vostede á Universidade que tamén está facendo moitas investigacións e están tendo algún que outro problema burocrático entre eles, iso sí é certo, pero pódolle dicir que a colaboración deles me consta que é bastante fluída. De calquera xeito imos votar a favor.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Comesaña Abalde e Guerra Fernández)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Arias Moreira, relativa á necesidade de coordinación dos centros

de investigación mariña da área de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (219).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE REQUIRINDO Ó GOBERNO MUNICIPAL A PRESENTACIÓN PERANTE O PLENO DOS REGULAMENTOS MUNICIPAIS PENDENTES DE TRAMITACIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 19 de setembro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

“A lei 57/2003, do 16 de setembro, de medidas para a modernización do Goberno Local, na súa Disposición Transitoria, establecía un prazo de seis meses para a adaptación dos regulamentos municipais á nova lexislación.

Transcorreron case dous anos e neste tempo, o Goberno Municipal só presentou ante o Pleno para a súa aprobación 3 regulamentos dos 11 propostos, tendo retirado do orde do día do Pleno do día 28 de marzo de 2005, o proxecto de Regulamento de Participación Cidadá.

Entre os regulamentos pendentes de aprobación se atopan: Participación Cidadá, Pleno, Distritos, Niveis Esenciais (organización municipal), Xerencia de Urbanismo e restantes organismos públicos. Todos eles regulan aspectos transcendentais das distintas instancias municipais e por tanto dos dereitos e deberes dos cidadáns.

Na situación actual o Goberno Municipal ven incumprindo o prazo de seis meses de adaptación dos regulamentos á nova lexislación, non presenta ningún regulamento ante o Pleno ou o retira da orde do día.

Por todo o anterior propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Requirir ao Goberno Municipal para que presente ante o Pleno os distintos regulamentos municipais pendentes de tramitación e aprobación.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de setembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: A lei de modernización, como todos vostedes saben, establece na súa disposición transitoria un prazo de seis meses para a adecuación da normativa municipal a esta nova lei.

Trancorreron case dous anos dende a entrada en vigor da citada lei de modernización do goberno local e estimamos que ata este momento o balance respecto á adecuación de regulamentos municipais non é positivo.

Os borradores técnicos son once e ata este momento só se produciu a aprobación de tres regulamentos, os correspondentes á comisión de suxerencias e queixas, á creación do Tribunal Económico Administrativo do Concello e ó Consello Social.

Ademáis non só é unha cuestión de cantidade, senon de calidade. Estamos falando de que os regulamentos que ó noso parecer son os máis importantes, aínda non se tramitaron.

Existen nestes intres concelleiros de distrito sen distrito porque o regulamento que contempla a creación non se tramitou. O goberno incluiu na orde do día do Pleno do día 28 de marzo o regulamento de participación cidadá e sen embargo este regulamento retirouse no último momento.

O regulamento da Xerencia de Urbanismo, da que todos coñecemos o seu funcionamento que é moi mellorable, nin sequera se comezou a súa tramitación.

Sobre todo sinalar que o regulamento do órgano principal de vida e funcionamento deste Concello que é o Pleno, tampouco iniciou a súa tramitación.

Polo tanto requirimos a este goberno que presente ante o Pleno os distintos regulamentos municipais pendentes de tramitación e de aprobación.

SR. SOTO FERREIRO: Cando me preguntaban a miña opinión sobre a Lei de grandes cidades antes de que a alumearan, dixeran que me parecía un desacerto. Hoxe case podo dicir que me parece unha lei estúpida porque uniforma ou pretende uniformar reglamentariamente cidades con obxetivos, poboacións, contextos sociais e económicos radicalmente moi diferentes. Polo tanto estaba e agora estou aínda moito máis en contra dela.

Pero como é algo que está aí, ata que algún goberno non o cambie, déixenme dicirlles que eu comprendo a intención primeira e fundamental da súa moción, se non hai outro xeito de facer o que non se pode é non facer nada, que supoño que é a interpretación fundamental que se desprende da súa moción. Pero tamén déixeme dicirlle en voz alta outra vez ós demais grupos políticos que deberamos de facer entre todos o esforzo que poidamos para que se uniformen os criterios. Concesións por parte de todos ás veces como se teñen producido nalgunhas negociacións anteriores destes mesmos temas, de xeito que poidamos ter uns regulamentos consensuados e canto antes.

Eu comparto tamén o fondo da intervención da Sra. Graña no sentido de que isto xa cheira. Tiñamos que ser quen do sacar adiante porque mesmo algún dos que xa se fixeron, como o do Tribunal Económico, houbo que o facer

porque a lei obrigaba a que entrara en prazo e senón a ver que pasaba e iso obrigounos a todos a facelo en tempo e forma.

Despois disto a mín gustaríame escoitar que é o que pensan os demais voceiros. Se coma mín pensan que se deben facer esforzos de negociación para chegar a acordos conxuntos benvido sexa. Mesmo se non fose posible acordos conxuntos, e refírome a toda a Corporación, debería de tentar facer un consenso o máis amplo posible. Se o que vostede propón, Sra. Graña, non fora posible e o que vai ocorrer en virtude desta moción é que veñan ó Pleno os regulamentos co que significan, e lle empecemos no Pleno a emendarlles puntos e comas a cada un deles en función do que pensa cada un, isto vai ser unha vergonza máis para esta Corporación e unha confesión pública da falta de capacidade política e entendemento a todos os niveis.

Como estou convencido de que ista non é a súa intención, eu permitiríame facerlle unha suxestión, nin sequera unha emenda, tómeo vostede así se o quere asumir. Que se realice unha Xunta extraordinaria urxente de Voceiros para tratar este tema, refírome ó conxunto do problema, ver se realmente hai a vontade explícita e expresa de chegar a acordos unánimes ou alomenos maioritarios. Se non é así que veñan os regulamentos ó Pleno e imos votar emendando punto a punto e votando non se sabe qué, un por un lado o outro por outro. De verdade sería un espectáculo avergoñante. Fágolles unha chamada de atención a todos.

É certo que é lexítima a súa proposta porque, para o decir doutro xeito, esa comisión de regulamento dos distintos grupos políticos ten estado adormentada, non se teñen convocado reunións, as veces se convocaban e non podían asistir uns ou os outros. Entón ou facemos un propósito de emenda todos se queremos chegar a un acordo de fondo sobre estes temas ou vaia por Deus.

SR. FIGUEROA VILA: Se a poñente acepta, nós estamos dispostos a convocar urxentemente unha Xunta de Voceiros. En calquera caso imos votar a favor. Tamén podemos votar agora e convocar a Xunta de Voceiros.

SRA. GRAÑA BARCIA: Nós non retiramos a moción, queremos que se someta a votación pero estamos dispostos a participar nesa Xunta de Voceiros.

(No momento da votación está ausente o Sr. Guerra Fernández)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constituen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, riquirindo ó Goberno municipal a presentación perante o Pleno dos regulamentos municipais pendentes de tramitación, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (220).-ROGOS E PREGUNTAS.

* ROGO DO SR. SOTO FERREIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PG SOLICITANDO A CONVOCATORIA DUNHA XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE PARA TRATAR O TEMA DA DROGA NOS COLEXIO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 22 de setembro o voceiro do grupo do Partido Galeguista, Sr. Soto Ferreiro, formula o seguinte rogo:

"As novas de que se está a vender droga nos arredores dos colexios non son de agora, pero o feito de que os colexios teñan que blindar os seus patios de recreo para que non entren neles os vendedores de drogas, ilustra unha especie de impunidade intolerábel.

Rógolle pois, no nome do PG, Sra. Alcaldesa, que realice unha reunión monográfica e urxente da Xunta Local de Seguridade, para coordinar un plan específico antidroga contundente e eficaz en todo o territorio municipal e moi especialmente nos arredores dos colexios, sen prexuízo de que tamén se debería impulsar outro plan que abrangá á nosa Área Metropolitana."

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar Sra. Alcaldesa, teño que lle agradecer a presteza con que vostede me respostou por escrito ó rogo que lle fixen pero un rogo é público e pode xerar debate na Corporación. Iso sería razón suficiente para que, malia súa urxente resposta, eu manteña neste Pleno o rogo e tamén porque me preocupa a súa resposta en dous aspectos.

O rogo consistía en que eu lle pedía que se realice unha xuntanza monográfica e urxente da Xunta Local de Seguridade para coordinar un plan específico antidroga contundente e eficaz en todo o territorio municipal e moi especialmente nos arredores dos colexios, sen prexuízo que tamén se debería impulsar outro plan que abrangá á nosa área metropolitana.

Iste era o rogo e a súa resposta de data 22 de setembro, para coñecemento de todos, di que se convoca a Xunta Local de Seguridade co gallo de tratar o problema de droga nos arredores dos colexios.

"Compráceme informarlle que ese tema xa se tratou en Xuntas Locais de Seguridade anteriores. Tamén dicirlle que xa estaba prevista a convocatoria con outros puntos da orde do día polo que o problema exposto por vostede incluírase na dita orde. Engadir que a Policía prevé na súa campaña de outono-inverno un incremento de efectivos que se adiquen á vixilancia dos centros co fin de realizar un seguimento na comunidade educativa".

Quero dicirlle que teño unha discrepancia e unha grave preocupación sobre o fondo do que vostede me resposta. A discrepancia é pretender meter a cortina da Policía Municipal diante do que veñen ser decisións políticas. Téñenme sentido en máis dunha ocasión defender a actuación da Policía Local de Vigo; paréceme que deberíamos tentar entre todos non politizar ningún servizo municipal, pero a Policía menos que ningún por razóns obvias de seguridade.

Por estas mesmas razóns teñen vostedes que asumir a súa responsabilidade e non dicir o que fai ou deixa de facer a Policía porque a Policía fai ou fará o que lle vostedes lle manden e teño ampla experiencia para o saber, polo tanto son vostedes os que teñen que poñer o acento na prioridade política.

O partido Galeguista pretende poñelo cando lle fai este rogo. Dicímoslles que por riba de moitas cousas que nos parecen boas, parécenos bo que se atenda a carga, descarga, multas, etc. e todo iso nos parece ben, non estamos dispostos a poñer nin un gramo de demagogia nestes temas. Parécenos ben e corresponsabilizámonos da execución deses traballos da Policía Local ordenados por vostedes.

Pero déixenme dicirlles que por diante deses traballos o Partido Galeguista rotundamente poría temas como o que neste rogo lle facemos e polo tanto que priorizaría a actuación da Policía Local. Sra. Alcaldesa, vostede é a xefa nata da Policía Local e o seu delegado por tanto é quen actúa na súa condición de xefa nata.

Pero logo venme tamén unha preocupación, ademais de non querer cortinas coa Policía porque insisto en que son vostedes, somos todos os que temos que asumir as responsabilidades políticas da dirección da Policía, sen prexuízo da que lle corresponde a vostede coma xefa nata a súa execución, preocúpame fundamentalmente que me diga que este tema xa se tratou en Xuntas Locais de Seguridade anteriores porque entón téñolle que dicir en voz alta que a

eficacia non ten sido a desexada porque os problemas que hai están aí e polo tanto, se os teñen tratado anteriormente, pídolle que os volten tratar e tomen medidas de dirección política da Policía diferentes das que tomaron porque esas non serviron.

Cando directores de colexios públicos de Vigo din que teñen que pechar os patios para que non lle entren os vendedores de droga, non sei a vostede, pero a min me produce unha alarma social infinita e polo tanto prégole a vostede e á Xunta Local de Seguridade que poñan todos os medios precisos porque, como dicía o outro día o Sr. Toba e témolo dito outros moitas veces, gobernar é priorizar, é dicidir en función dos medios que tes qué cousas fas antes ou despois.

En opinión do Partido Galeguista isto é unha cousa primeirísima e non hai ningunha outra por diante dela hoxe en día na cidade de Vigo e polo tanto, dito con todos os respectos pero con absoluta contundencia, respóstemme con eficacia, cunha eficacia que ata o de agora non teñen demostrado.

A PRESIDENCIA: Asegúrolle que compartimos a súa preocupación, Sr. Soto.

* PREGO DO SR. VIEITEZ ALONSO, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE ACTOS CELEBRADOS CO GALLO DO DÍA SEN COCHE.

INTERVENCIÓN DO SR. VIEITEZ ALONSO: Se a miña apreciación non me falla, a semana pasada asistimos entre outros lugares á celebración do día sen coche nesta cidade. Das outras veces que se fixo esta celebración fíxose unha extensión a toda a Corporación e nós enterámonos polos medios de comunicación.

O prego é que nos trasladen cal foi a incidencia da celebración do día sen coche en toda a súa extensión, mesmo qué divulgación se fixo porque ó noso entender pensamos que pasou bastante desapercibido.

A PRESIDENCIA: Trasladaráselle.

* PREGO DA SRA. SÍO LOURIDO, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE CELEBRACIÓN DO DÍA DA MOBILIDADE.

INTERVENCIÓN DA SRA. SÍO LOURIDO: Quero ratificar o rogo que fai o Sr. Vieitez e ademais dicir que o día sen coche se celebra no marco da semana da mobilidade a nivel europeo e fixéronse algunhas actividades como os autobuses circulares gratuítos e concursos de redacción nos colexios.

En todo caso opinamos que non se sensibilizou á poboación en xeral e non se ten conciencia real do que é a mobilidade dende a concellería, cambiouse a forma pero non o fondo.

En todo caso, ratificámonos nese rogo e que nos dean un informe datallado de cómo se celebrou o día da mobilidade.

* INTERVENCIÓN DO SR. ARIAS MOREIRA, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, SOBRE LIBRO "ARQUITECTURA RACIONALISTA DE VIGO" E DESAPARICIÓN DE EDIFICIO DE JENARO DE LA FUENTE.

SR. ARIAS MOREIRA: Isto non é exactamente un rogo nin unha pregunta, é unha felicitación no nome do noso grupo ó Goberno, en particular ó concelleiro Sr. López-Chaves pola publicación deste magnífico libro sobre a "Arquitectura racionalista en Vigo", de don José Luis Varela Alén, publicado en colaboración coa Fundación Caixa Galicia.

O que non podemos deixar de lamentar é que un dos magníficos edificios que aparece neste libro, edificio do ano 1938 de Jenaro de la Fuente Alvarez, o libro publicouse no mes de xullo e neste momento no seu lugar hai un maravilloso oco.

* ROGO DA SRA. PORTEIRO GARCIA, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN ÁS NEGOCIACIONES COA NAFO SOBRE PESCA DO FLETAN.

INTERVENCIÓN DA SRA. PORTEIRO GARCÍA: En relación cunha moción que se debateu neste Pleno hai escasamente quince días relativa ás negociacións coa NAFO para a capacidade de pesca da flota galega do fletán negro. Dado que foi unha iniciativa que tivo o apoio de toda a Corporación, unha vez coñecido o resultado desta negociación que foi satisfactorio para as pretensións dos armadores galegos, da Xunta de Galicia e do Goberno Central, podería proceder, e así o suxiro á Sra. Presidenta, ben que conste na acta o resultado desta negociación, ben que dende o Goberno municipal se dirixa escrito ás administracións pertinentes e ós colectivos profesionais

implicados congratulándose por este acordo do que nós nalgunha medida tamén fomos parte.

A PRESIDENCIA: Tense en conta a súa intervención.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.